

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12836 *Real decreto 1179/2018, do 21 de setembro, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.*

A regulación esencial específica do sector de froitas e hortalizas dentro da organización común dos mercados agrícolas encóntrase nos artigos 32 e seguintes do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, e no Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello.

Así mesmo, aprobáronse o Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta aos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas, se completa o Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás sancións que deben aplicarse neses sectores e se modifica o Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, e o Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello nos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas.

Para adaptar a nosa normativa aos citados regulamentos, aprobouse o Real decreto 533/2017, do 26 de maio, polo que se regulan os fondos e programas operativos das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.

Posteriormente, e desde o 1 de xaneiro deste ano, é de aplicación o Regulamento (UE) 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 2017, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1305/2013 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), (UE) n.º 1306/2013 sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, (UE) n.º 1307/2013 polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común, (UE) n.º 1308/2013 polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e (UE) n.º 652/2014 polo que se establecen disposicións para a xestión dos gastos relativos á cadea alimentaria, á saúde animal e ao benestar dos animais, e relativos á fitosanidade e aos materiais de reprodución vexetal. O dito regulamento modifica certos aspectos dos programas operativos, introducindo novas accións de crise ou ampliando algunhas delas, así como simplificando o procedemento de tramitación da axuda financeira nacional, e cómpre aplicalo en España mediante unha nova normativa.

Así mesmo, e con aplicación parcialmente retroactiva desde o 1 de xaneiro deste ano, son de aplicación o Regulamento delegado (UE) 2018/1145 da Comisión, do 7 de xuño de 2018, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta aos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas, e o Regulamento de execución (UE) 2018/1146 da Comisión, do 7 de xuño de 2018, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello nos sectores das

froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas. Ambos os regulamentos teñen como obxectivo desenvolver as novas disposicións establecidas no Regulamento (UE) 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello, así como clarificar determinados aspectos da normativa.

Tamén se inclúen neste real decreto mínimos cambios de mellora de redacción técnica.

Malia isto, dado que os cambios afectan diversos artigos, por seguridade xurídica debe aprobarse un novo real decreto.

O real decreto adécuase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. En concreto, cumpre cos principios de necesidade e eficacia, pois trátase do instrumento máis adecuado para garantir que a normativa europea se aplica dun modo homoxéneo en todo o territorio nacional, o que garante o interese xeral. Tamén se adecua ao principio de proporcionalidade, pois non existe outra alternativa menos restritiva de dereitos ou que imponha menos obrigacións aos destinatarios. En canto aos principios de seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, a dita norma adécuase a eles pois é coherente co resto do ordenamento xurídico, e procurouse a participación das partes interesadas, evitando cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

Na elaboración desta disposición consultáronse as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de setembro de 2018,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. O presente real decreto ten como obxecto establecer a normativa básica do Estado no relativo aos fondos e programas operativos das organizacións de produtores e das asociacións de organizacións de produtores, para a aplicación no Reino de España da regulamentación da Unión Europea na dita materia.

2. O presente real decreto aplicarase ás organizacións de produtores e ás asociacións de organizacións de produtores recoñecidas de conformidade co Real decreto 532/2017, do 26 de maio, polo que se regulan o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.

3. Para efectos do presente real decreto, entenderase por órgano competente o órgano designado pola comunidade autónoma onde radique a sede social da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores.

Artigo 2. *Definicións e emprego de termos.*

1. Para os efectos do presente real decreto, os termos empregados no Regulamento (UE) n.º 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 352/78, (CE) n.º 165/94, (CE) n.º 2799/98, (CE) n.º 814/2000, (CE) n.º 1290/2005 e (CE) n.º 485/2008 do Consello, no Regulamento (UE) n.º 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común e polo que se derrogan os regulamentos (CE) n.º 637/2008 e (CE) n.º 73/2009 do Consello, no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º

1234/2007, no Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, e no Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, terán o mesmo significado cando se utilicen no presente real decreto.

2. Así mesmo, para os efectos deste real decreto establécense as seguintes definicións:

a) «Programa operativo»: conxunto de medidas, accións e actuacións, establecido en virtude do artigo 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello.

b) «Actuación»: conxunto de investimentos e conceptos de gasto en que se pode dividir unha acción, definida no artigo 2.g) do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

c) «Investimentos e conceptos de gasto»: unidades identificables física e orzamentariamente en que se pode dividir unha actuación.

CAPÍTULO II

Valor da produción comercializada

Artigo 3. *Cálculo.*

1. O valor da produción comercializada dunha organización de produtores ou dunha asociación de organizacións de produtores a que fai referencia o artigo 22 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 calcularase segundo o establecido no anexo I do presente real decreto.

2. En virtude do disposto no artigo 22.3 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, poderase incluír o valor dos subprodutos no valor da produción comercializada.

3. Con obxecto de evitar o dobre cómputo nos casos de membros que abandonen ou se incorporen á organización de produtores ou á asociación de organizacións de produtores non transnacionais a que fai referencia o artigo 22.1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 e en aplicación do artigo 23.3 do dito regulamento, o valor da produción comercializada deberase obter da contabilidade da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores e incluírse o valor das cantidades efectivamente comercializadas e contabilizadas dos membros produtores durante o tempo que permanecesen na organización ou asociación no período de referencia.

En caso de produtores que se incorporen por primeira vez a unha organización de produtores ou asociación de organizacións de produtores, o valor da produción comercializada destes produtores engadirase ao da organización de produtores ou asociación de organizacións de produtores e calcularase como o valor real da produción comercializada facturada durante o período de referencia, establecido no artigo 4 do presente real decreto, da organización de produtores. En caso de que non se dispoña do valor no dito período de referencia, calcularase nun período de doce meses consecutivos dentro dos tres anos anteriores á presentación do programa operativo ou a correspondente anualidade do fondo operativo.

Tamén se poderá incluír o valor real da produción comercializada facturada por produtores que pertencesen a unha organización de produtores ou asociación de organizacións de produtores sempre que a autoridade competente comprobese que non existe dobre cómputo en virtude do artigo 22.1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

En caso de que a organización de produtores ou a asociación de organizacións de produtores sexa transnacional, en aplicación do artigo 23.2 e 3 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, o valor da produción comercializada durante o período de referencia calcularase tendo en conta os membros da dita organización ou asociación en 1 de xaneiro do ano polo que se solicita a axuda.

4. En desenvolvemento do disposto no artigo 22.8.b) do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, para o cálculo do límite mínimo do 90 % do capital da filial tamén poderán considerarse as participacións dos membros produtores das organizacións de produtores ou das asociacións de organizacións de produtores, nas condicións previstas no mencionado artigo 22.8.b).

5. No caso de aplicación do artigo 23.4 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, a organización de produtores deberá presentar a xustificación da redución da produción de acordo co especificado no punto 4 da epígrafe B) do anexo II do presente real decreto.

Artigo 4. *Período de referencia.*

O período de referencia mencionado no artigo 23.1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, sobre o cal se determinará o valor da produción comercializada, será o último período anual contable finalizado antes do 1 de agosto do ano en que se realiza a comunicación do importe do fondo operativo.

CAPÍTULO III

Fondos operativos

Artigo 5. *Xestión.*

En cumprimento do artigo 24 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, a xestión dos fondos operativos deberá realizarse mediante contas financeiras xestionadas pola organización de produtores ou asociación de organizacións de produtores en que a contabilización de cada operación se efectúe de tal modo que cada asento contable de gastos e ingresos, incluídos, se for o caso, pagamentos e aboamentos relativos aos fondos operativos, poida identificarse.

Os pagamentos e aboamentos ao fondo operativo poderán realizarse mediante unha das dúas seguintes alternativas:

a) Mediante unha conta bancaria, única e exclusiva para a xestión do fondo operativo. Neste caso, admitiranse as regularizacións nesta conta correspondentes ás seguintes accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto establecidos no anexo III do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891:

- 1.º Custos específicos do número 1.
- 2.º Gastos de persoal da letra b) do número 2.

b) Mediante contas bancarias non exclusivas para o fondo operativo. Neste caso, os movementos de ingresos e gastos do fondo operativo deberán ser auditados por un auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, ou noutro rexistro equivalente comunitario. O alcance do informe do auditor deberá axustarse ao establecido no artigo 25.2 do presente real decreto.

Artigo 6. *Constitución e financiamento.*

Para efectos do cumprimento do disposto no artigo 25.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, a constitución dos fondos operativos, así como a súa forma de financiamento, deberán ser aprobadas, anualmente e con anterioridade á data establecida no artigo 8 do presente real decreto, pola asemblea xeral da entidade ou polo órgano equivalente da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou por un órgano equivalente, segundo a personalidade xurídica da organización de produtores ou asociación de organizacións de produtores.

As achegas ao dito fondo operativo deberán realizarse durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro da anualidade en cuestión, salvo casos debidamente xustificadas a xuízo da autoridade competente.

En caso de financiamento de investimentos en máis dunha anualidade en virtude do artigo 13.2 do presente real decreto, as achegas ao dito fondo operativo deberán realizarse en cada unha das anualidades en que se financia o investimento. Así mesmo, incluíranse tamén as cantidades a tanto global.

Artigo 7. *Información e documentación que se presentará anualmente.*

As organizacións de produtores e as asociacións de organizacións de produtores con programa operativo en execución, tal e como se establece no artigo 26 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, e no artigo 6 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, deberán comunicar anualmente ao órgano competente como máis tarde o 15 de setembro, se for o caso, ao mesmo tempo que presentan os proxectos de programas operativos ou as solicitudes de modificación deles para a anualidade seguinte, a información e documentación contida no anexo II do presente real decreto.

CAPÍTULO IV

Programas operativos

Artigo 8. *Presentación.*

Os proxectos de programas operativos establecidos polo artigo 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, deberán presentarse para a súa aprobación polas organizacións de produtores ou as asociacións de organizacións de produtores ante o órgano competente, como máis tarde o 15 de setembro do ano anterior ao do inicio da súa aplicación segundo se establece no artigo 6 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892.

Se o órgano competente da comunidade autónoma así o establece, a dita presentación deberá realizarse a través da aplicación «Xestión de programas operativos» do Fondo Español de Garantía Agraria. Tamén serán válidas outras aplicacións creadas para tal efecto polas comunidades autónomas.

Artigo 9. *Formato e contido.*

1. A presentación dos proxectos de programas operativos deberá realizarse nun documento único, axustado ao contido mínimo establecido no anexo III do presente real decreto, e deberán ir acompañados, ao menos, da documentación mencionada no dito anexo.

2. En virtude do disposto no artigo 23 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, para proceder á aprobación dos proxectos de programas operativos e ao pagamento da axuda financeira da Unión Europea establecida no artigo 34 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, os órganos competentes deberán verificar que os programas operativos conteñen os elementos indicados no artigo 4 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, no anexo III do presente real decreto e, en particular:

a) Que teñan unha duración de entre tres e cinco anos, tal como se establece no artigo 33.1 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

b) Que estean aprobados pola asemblea xeral da entidade ou o órgano equivalente da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou por un órgano equivalente, segundo a personalidade xurídica da organización de produtores ou asociación de organizacións de produtores.

c) Que as medidas, accións, actuacións, investimentos e concepto de gasto cumpran coas condicións de subvencionalidade establecidas no anexo IV do presente real decreto e que, anualmente, o seu calendario de financiamento cumpra os límites máximos de gastos recollidos no anexo IV do presente real decreto, así como o establecido nos aspectos ambientais a que se refire artigo 33.5. do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, coas correspondentes obrigacións establecidas nas directrices nacionais para a elaboración dos pregos de condicións referentes ás accións ambientais, e o establecido en materia de cumprimento de obxectivos que se recolle no artigo 33.1.

As obrigacións establecidas no artigo 33.5 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, serán:

1.º De cumprimento anual se se opta pola obrigación establecida na letra a) do dito artigo.

2.º De cumprimento a nivel programa operativo se se opta pola obrigación establecida na letra b) do dito artigo, se for o caso, aplicarase o artigo 61.6 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

En aplicación do artigo 33.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, no caso dos programas operativos das asociacións de organizacións de produtores, o límite para a medida de prevención e xestión de crises establecido no artigo 33.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, deberase calcular para cada unha das organizacións de produtores que sexan membro da asociación de organizacións de produtores.

d) As accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto subvencionables no marco dos programas operativos poderanse realizar nas localizacións a que se refire o artigo 31.7 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 e nas non excluídas no número 19 do anexo II do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

3. En caso de aplicación do artigo 35 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, o programa operativo incluírá, así mesmo, a Axuda Financeira Nacional nas condicións establecidas no artigo 52 do Regulamento (UE) 2017/891

4. En virtude do artigo 29 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, durante as anualidades 2019 e 2020 non se poderán incluír actuacións da medida 1 do anexo IV do presente real decreto nos programas operativos que comporten un incremento da produción de melocotón, nectarina, paraguaiá, platerina e melocotón plano. Non obstante, de maneira motivada, a autoridade competente poderá realizar excepcións por ámbitos xeográficos, produtos ou variedades á dita prohibición. Para isto deberán remitir un certificado á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios que xustifique que para os produtos ou variedades exceptuadas non se requiren medidas excepcionais.

Artigo 10. *Relación cos programas de desenvolvemento rural.*

1. As salvagardas, disposicións e controis para evitar o dobre financiamento dunha mesma acción ou operación con cargo aos programas de desenvolvemento rural e aos programas operativos serán as establecidas nos programas de desenvolvemento rural das comunidades autónomas para o período 2014-2020, en cumprimento do artigo 30.1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

2. As organizacións de produtores ou asociacións de organizacións de produtores que sexan beneficiarias da medida 9 do Programa nacional de desenvolvemento rural ou do programa de desenvolvemento rural da comunidade autónoma correspondente poderán executar un programa operativo durante o mesmo período sempre que a autoridade competente se asegure de que para unha mesma acción só se recibe axuda por unha das dúas liñas.

Artigo 11. *Financiamento de retiradas e de operacións de colleita en verde e non colleita.*

1. O importe do fondo operativo destinado ao financiamento de retiradas que cumpran co establecido na acción 6.1 do anexo IV do presente real decreto, en desenvolvemento do artigo 46.1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, deberá ter en conta os seguintes importes de axuda, que inclúen tanto a participación da Unión Europea como a contribución da organización de produtores:

a) No caso de produtos incluídos no anexo IV do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891: as contías fixadas no dito anexo.

b) No caso de produtos non incluídos no citado anexo IV: as contías fixadas no anexo V do presente real decreto calculadas segundo o establecido no artigo 45.1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

En caso de que a organización de produtores recibise ingresos procedentes de terceiros polos produtos retirados, os ditos ingresos deberanse deducir das contías indicadas nas letras a) e b) anteriores, en cumprimento do artigo 45.1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

2. En virtude do artigo 46.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, se o produto retirado ten como destino a distribución gratuíta, as organizacións e institucións caritativas poderán solicitar aos destinatarios finais unha contribución, logo de solicitude ao órgano competente e autorización deste.

Poderase admitir o pagamento en especie por parte dos beneficiarios finais aos transformadores sempre que fose autorizado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación cando o dito pagamento compense exclusivamente os custos de transformación e non se produza distorsión da competencia entre as industrias en cuestión e sempre que o órgano competente se asegure de que o produto transformado se destina realmente ao consumo por parte dos mencionados destinatarios.

3. En caso de que se detecten irregularidades en virtude do artigo 64 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, en desenvolvemento da letra b) do dito artigo, deberase aboar o valor do produto en cuestión, así como a axuda ao transporte establecida no artigo 16 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892 e a axuda por selección e envasado establecida no artigo 17 do dito regulamento.

4. O importe do fondo operativo destinado ao financiamento das operacións de non colleita ou colleita en verde que cumpran co establecido no anexo IV do presente real decreto para a acción 6.2, en desenvolvemento do artigo 49.a) do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, deberá ter en conta que os importes da Unión Europea, como a contribución da organización de produtores, non poderán superar as contías máximas por hectárea fixadas no anexo VI do presente real decreto con base no artigo 48.4 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, que inclúen tanto a participación da Unión Europea como a contribución da organización de produtores.

Artigo 12. Condicións de aplicación da axuda para paliar os custos administrativos derivados da constitución de fondos mutuais e para a súa reposición.

A axuda para paliar os custos administrativos derivados da constitución de fondos mutuais e para a súa reposición deberá respectar as disposicións establecidas no artigo 33.3.d) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello e no 40 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

Artigo 13. Período de mantemento dos investimentos dos programas operativos e financiamento destes en máis dunha anualidade.

1. En desenvolvemento do segundo parágrafo do artigo 31.5 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, o período durante o cal os investimentos realizados nos programas operativos deberán seguir pertencendo ao beneficiario e estar na súa posesión será de cinco anos desde a data de adquisición, tal e como establece o artigo 71.1 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1083/2006 do Consello, a excepción daqueles investimentos cuxo financiamento se realice durante máis

de cinco anos, caso en que o período de mantemento será coincidente co do dito financiamento.

Non obstante, no caso dos investimentos relativos a plásticos ou mallas de uso plurianual, incluídos nas actuacións 1.1.4, 1.1.5 e chantóns da actuación 1.2.3, os envases e palés de campo da actuación 3.1.4 e o substrato reciclable da actuación 1.1.4, establecidos no anexo IV do presente real decreto, poderase admitir un período inferior a cinco anos.

2. O financiamento dos investimentos poderá realizarse ao longo dunha ou varias anualidades do programa operativo, mesmo ao longo dunha ou varias anualidades do programa operativo seguinte, sempre que se realice nun único importe ou en tramos aprobados no programa operativo polo órgano competente nas condicións establecidas no artigo 31.6 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 con base nunha lóxica financeira validada pola autoridade competente.

O dito financiamento deberá realizarse de maneira continuada no número de anos en que se periodifique o investimento sen deixar anos intermedios en que non se financie.

En virtude do dito artigo, os tramos poderanse modificar unicamente á baixa e nos seguintes casos:

- a) Inclusión da medida 6 do anexo IV do presente real decreto, ou ben accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto encadrados nela.
- b) Diminución do valor da produción comercializada.
- c) Diminución do grao de execución do fondo operativo até o 60 por cento.
- d) O importe executado do investimento é inferior ao orzado inicialmente.

Non obstante, a dita diminución do tramo non poderá recuperarse noutras anualidades do programa operativo.

Artigo 14. *Programas operativos presentados por organizacións de produtores resultantes dunha fusión.*

1. Poderán beneficiarse do incremento de axuda financeira da Unión Europea establecida na letra d) do artigo 34.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, os programas operativos presentados por organizacións de produtores resultantes dunha fusión, tal e como se define no artigo 3.2 do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, tanto os estritamente novos como os fusionados mediante unha modificación para anualidade non comezada ou durante a anualidade en curso.

2. Así mesmo, en virtude do artigo 15.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, os programas operativos das organizacións de produtores resultantes dunha fusión poderán seguir executándose en paralelo até a súa finalización, sempre que se xustifique debidamente na solicitude.

Do mesmo modo, en caso de integración de organizacións de produtores, a organización de produtores resultante asumirá os dereitos e as obrigacións das organizacións de produtores integradas. A dita organización de produtores poderá executar os programas operativos en paralelo e por separado até o 1 de xaneiro do ano seguinte á integración, sempre que se xustifique debidamente na solicitude, ou fusionar os programas operativos desde o momento da integración. Serán de aplicación os artigos 15 e 16 do presente real decreto, de maneira que isto deberá ser expresamente autorizado pola autoridade competente da comunidade autónoma.

3. O valor da produción comercializada no caso de fusión de organizacións de produtores, ou de integración, calcularase de acordo co establecido no número 6 do anexo I do presente real decreto.

Artigo 15. *Modificacións dos programas operativos relativas a anualidades non comezadas.*

1. En virtude do disposto no artigo 34.1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, todos os anos, as organizacións de produtores ou as asociacións de organizacións de produtores poderán solicitar ante o órgano competente, como máis tarde o 15 de setembro do ano anterior, as modificacións que se apliquen a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte. Para isto, o órgano competente adoptará unha decisión sobre elas como máis tarde o 15 de decembro do ano anterior ou o 20 de xaneiro do ano en cuestión por razóns debidamente xustificadas.

Se o órgano competente da comunidade autónoma así o establece, a dita solicitude deberá realizarse a través da aplicación «Xestión de programas operativos» do Fondo Español de Garantía Agraria. Tamén serán válidas outras aplicacións creadas para tal efecto polas comunidades autónomas.

2. En virtude do disposto no artigo 34.1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, as modificacións que poderá aprobar o órgano competente serán as seguintes:

a) Inclusión e supresión de medidas, accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto.

b) Ampliación da duración do programa até un total de cinco anos.

c) Redución da duración do programa, suxeita a que a duración total sexa, como mínimo, de tres anos.

d) Cambios de localización ou de titulares, así como inclusión de novos titulares, dos investimentos ou actuacións aprobadas.

Non se considerará cambio de localización a modificación que se realice na identificación Sixpac da parcela nin a modificación que se realice dentro dun programa operativo na identificación Sixpac da parcela en cuestión.

e) Adianto ou atraso da execución das accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto aprobados, caso en que se poderá adiantar ou atrasar o financiamento consecuentemente.

f) En caso de que a organización de produtores decidise financiar investimentos en máis dunha anualidade, redución dos tramos conforme o establecido no artigo 13.2 do presente real decreto.

g) Variación dos orzamentos aprobados.

h) Forma de financiamento ou xestión dos fondos operativos, incluído, se for o caso, o cambio de conta bancaria específica.

i) Incremento da porcentaxe de financiamento da Unión Europea do 50 ao 60 por cento se se dá algún dos casos recollidos no artigo 34.3 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

j) Fusión de programas operativos en execución, motivada:

1.º Pola fusión de organizacións de produtores, tal e como se define no artigo 3.2 do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, ou a integración, de organizacións de produtores.

2.º Polo recoñecemento dunha entidade de segundo ou ulterior grao como organización de produtores, precedido da perda da cualificación de organización de produtores das entidades asociadas á de segundo ou ulterior grao e de todas menos unha en caso de fusións ou integracións.

k) Calquera modificación co fin de se adaptar a cambios nas directrices nacionais para accións ambientais, recollidas no anexo IV do presente real decreto, no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 ou no Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892.

3. As solicitudes de modificacións deberán ir acompañadas, como mínimo, da documentación contida no anexo VII do presente real decreto.

Artigo 16. *Modificacións dos programas operativos durante a anualidade en curso.*

1. Como aplicación do artigo 34.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, durante o ano en curso, as organizacións de produtores ou asociacións de organizacións de produtores poderán realizar un máximo dunha comunicación de modificacións cada dous meses naturais contados desde o comezo da anualidade, exceptuando as establecidas nas letras j) e k) do número 2 do presente artigo, que afecten a dita anualidade do programa, sempre que se cumpran as condicións establecidas no número 3 do presente artigo e que o fondo operativo resultante sexa, como mínimo, o 60 % do aprobado inicialmente e, como máximo, o 125 % do aprobado inicialmente.

Se o órgano competente da comunidade autónoma así o establece, a dita comunicación bimestral de modificacións deberá realizarse a través da aplicación «Xestión de programas operativos» do Fondo Español de Garantía Agraria e esta pode ser acumulativa. Tamén serán válidas outras aplicacións creadas para tal efecto polas comunidades autónomas.

2. As modificacións establecidas no número 1 do presente artigo poderán ser as seguintes:

a) Execución parcial da anualidade do programa operativo, o que implica deixar de desenvolver total ou parcialmente algunha das medidas, accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto aprobados, sempre que co programa operativo resultante se cumpran os mesmos requisitos que foron exixidos para a súa aprobación e que o fondo operativo aprobado e financiado sexa igual ou, con base na letra c) do artigo 34.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, maior do 60 por cento do aprobado inicialmente.

b) Adianto ou atraso da execución das accións ou actuacións con investimentos ou conceptos de gasto aprobados, caso en que se poderá adiantar ou atrasar o financiamento consecuentemente.

c) Cando a organización de produtores decidise financiar investimentos en máis dunha anualidade, redución dos tramos conforme o establecido no artigo 13.2 do presente real decreto.

d) Variación do orzamento dos investimentos ou conceptos de gasto aprobados.

e) Cambios de localización ou de titulares, así como inclusión de novos titulares ou localizacións, de investimentos ou actuacións aprobados.

Non se considerará cambio de localización a modificación que se realice na identificación Sixpac da parcela nin a modificación que se realice dentro dun programa operativo na identificación Sixpac da parcela en cuestión.

f) Forma de financiamento ou xestión do fondo operativo, incluído, se for o caso, o cambio de conta bancaria específica.

g) Incremento do importe do fondo operativo dentro do límite do 25 por cento do aprobado inicialmente, sempre que non se supere o límite máximo de axuda da Unión Europea pola constitución do dito fondo, establecida no artigo 34.2 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, e tendo en conta as condicións establecidas nas letras b) e d) do presente número.

As organizacións de produtores ou as asociacións de organizacións de produtores poderán ampliar os investimentos ou conceptos de gasto previstos para a súa execución no ano e adiantar as previstas para anos posteriores, sempre que se respecten os límites e condicións establecidos no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

h) Fusión de programas operativos en execución, motivado:

1.º Pola fusión, tal e como se define no artigo 3.2 do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, ou pola integración de organizacións de produtores.

2.º Polo recoñecemento dunha entidade de segundo ou ulterior grao como organización de produtores, precedido da perda da cualificación de organización de produtores das entidades asociadas á de segundo ou ulterior grao, e de todas menos unha no caso de fusións ou integracións.

En caso de que se aplique este punto, o importe do novo fondo operativo estará limitado á suma dos fondos operativos aprobados inicialmente ás ditas entidades e poderase incrementar nun 25 por cento, en aplicación do último parágrafo do artigo 34.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

i) Inclusión e supresión de investimentos ou conceptos de gastos dentro do marco de actuacións aprobadas para a anualidade en cuestión da cal se solicita esta modificación. Non se considerará modificación o cambio das características técnicas dun determinado investimento, pero si se considerará modificación o cambio de finalidade dun investimento.

j) Inclusión da medida, das accións, das actuacións e dos investimentos ou conceptos de gasto dos establecidos na medida 6 do anexo IV do presente real decreto, para prevención e xestión de crises e das accións e actuacións recollidas nas directrices nacionais para accións ambientais.

k) Calquera modificación realizada co fin de adaptarse a cambios nas directrices nacionais para accións ambientais, recollidas no anexo IV do presente real decreto, no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 ou no Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, no ano en que as ditas modificacións fosen introducidas.

No caso das directrices nacionais para accións ambientais, as modificacións poderanse realizar a partir da data de aprobación pola Comisión Europea da nova versión.

l) Substitución dunha actuación por outra dentro da mesma acción, cando unha actuación non se poida levar a cabo por circunstancias excepcionais alleas á organización de produtores.

m) Adición da axuda financeira nacional en aplicación do artigo 34 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

3. As modificacións contidas nas letras a), b), c), d), g) e i) do número anterior, que supoñan a supresión de investimentos ou conceptos de gasto, poderán realizarse sen autorización previa, sempre que sexan comunicadas pola organización de produtores ao órgano competente como máis tarde xunto á comunicación bimestral establecida no primeiro parágrafo do número 1 do presente artigo.

As modificacións recollidas na letra i) do número anterior que supoñan a inclusión de novos investimentos ou conceptos de gasto, e nas letras e), f), h), j), k), l) e m) do dito número, precisarán a aprobación previa por parte do órgano competente e, por tanto, deberá solicitarse a súa aprobación antes da súa execución; para isto, admitirase o fax ou calquera medio electrónico e especificaranse, se for o caso, as accións cuxo orzamento poida verse reducido.

As modificacións recollidas na letra i), unha vez que fosen aprobadas, non poderán ser obxecto de nova modificación de inclusión ou supresión durante a anualidade en curso.

4. Ademais das comunicacións e solicitudes mencionadas no anterior número, as organizacións de produtores ou as asociacións de organizacións de produtores deberán realizar unha comunicación resumo con todas as modificacións do programa e do fondo operativo realizadas en virtude do presente artigo, como máis tarde o 25 de novembro do ano en curso, ante o órgano competente. Non obstante, as modificacións relativas á medida 6 do anexo IV do presente real decreto poderán comunicarse até o 28 de decembro.

O órgano competente deberá adoptar unha decisión sobre elas, nos casos que corresponda, como máis tarde o 20 de xaneiro do ano seguinte.

5. As solicitudes de modificacións deberán ir acompañadas, ao menos, da documentación contida no anexo VII do presente real decreto.

Artigo 17. Decisión sobre as modificacións dos programas operativos recollidas nos artigos 15 e 16.

1. Para que as modificacións solicitadas poidan ser aprobadas polo órgano competente, deberán cumprirse as seguintes condicións:

a) Ter sido presentadas nos prazos establecidos para isto.

b) O programa resultante, unha vez incluídas as modificacións, deberá cumprir o establecido no artigo 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

c) Ser aprobadas pola asemblea xeral da entidade, ou órgano equivalente da sección se a dita entidade está organizada en seccións ou órgano similar competente da organización de produtores ou da asociación de organización de produtores, ou polo órgano en que esta delegase esta función, e as modificacións deben ser reflectidas explicitamente nunha acta do órgano correspondente.

d) As modificacións recollidas na letra h) do artigo 15.2 do presente real decreto e na letra f) do artigo 16.2 do presente real decreto requiriran obrigatoriamente a aprobación previa pola asemblea xeral da organización de produtores ou da asociación de organización de produtores, ou o órgano equivalente da sección se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica.

e) Ir acompañadas, ao menos, da documentación e información contida no anexo VII deste real decreto.

2. No caso das modificacións durante o ano en curso que exixan autorización previa, a decisión deberá adoptarse dentro dos quince días naturais seguintes á recepción da solicitude. A ausencia da dita decisión suporá que queda aprobada, sempre que se cumpra o disposto no artigo 16 do presente real decreto e que:

a) O importe do fondo operativo tras a introdución de todas as modificacións presentadas non supere un 25 por cento do inicialmente aprobado.

b) Se respecten os límites establecidos no artigo 34 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

c) O fondo operativo resultante sexa igual ou maior ao 60 por cento aprobado inicialmente, en virtude da letra c) do artigo 34.2 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

d) Os novos investimentos, conceptos de gastos, accións ou actuacións introducidas sexan elixibles de acordo co recollido no anexo IV do presente real decreto e do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

Artigo 18. Recuperación dos investimentos, ou o seu valor residual, realizados nas instalacións de membros produtores que causen baixa nas organizacións de produtores.

1. Se un membro produtor que realizou investimentos na súa explotación ou nas súas instalacións dentro do marco dun programa operativo dunha organización de produtores causa baixa nela deberá, en virtude do segundo parágrafo do artigo 31.7 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, reembolsar á dita organización de produtores os devanditos investimentos ou o seu valor residual, calculado segundo o establecido no punto D).5.º do anexo III do presente real decreto.

En cumprimento do segundo parágrafo do artigo 31.7 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, as organizacións de produtores, no momento da presentación da conta xustificativa mencionada no artigo 25 do presente real decreto, deberán comunicar, se for o caso, dos membros produtores que causasen baixa na organización de produtores durante a anualidade anterior, os que realizasen investimentos nas súas explotacións, os investimentos ou o valor residual destes, e os importes recuperados pola organización de produtores correspondentes a eses conceptos. Os ditos montantes terán o seguinte destino:

a) O 50 por cento deberá quedar á disposición da organización de produtores en cuestión e engadirase ao fondo operativo desta. Non obstante, nos casos en que a contribución ao fondo operativo para estes investimentos en cuestión a realizase o propio membro que causa baixa, a organización de produtores poderá establecer a non devolución deste 50 por cento.

b) O 50 por cento restante será reintegrado pola organización de produtores ao organismo pagador previsto no Real decreto 2320/2004, do 17 de decembro, polo que se regulan determinadas competencias en relación coa axuda económica comunitaria ás organizacións de produtores que constitúan un fondo operativo, en concepto de devolución de axuda da Unión Europea.

2. O órgano competente asegurarse de que os investimentos ou o seu valor residual sexa recuperado pola organización de produtores.

3. Como excepción ao disposto no número 1 do presente artigo e en aplicación do terceiro parágrafo do artigo 31.7 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, permitirase que non se produza a dita recuperación nos seguintes casos:

a) Se o membro produtor que abandona a organización de produtores se asocia a outra organización de produtores.

b) Se o membro produtor que causa baixa na organización de produtores transfere a súa explotación onde realizou o investimento a un titular membro produtor dunha organización de produtores.

CAPÍTULO V

Programas operativos parciais de asociacións de organizacións de produtores

Artigo 19. *Presentación.*

1. En aplicación do artigo 32 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, unha asociación de organizacións de produtores poderá presentar tamén programas operativos parciais, sempre que os ditos programas fosen aprobados pola asemblea xeral da asociación de organizacións de produtores, ou da sección se está organizada en seccións, ou por un órgano equivalente, segundo sexa a súa personalidade xurídica.

Entenderase por programa operativo parcial o conxunto de medidas e accións incluídas nos programas operativos das organizacións de produtores que integran unha asociación de organizacións de produtores que supoñan só parte das contidas nos programas operativos individuais das organizacións de produtores e que vaian ser executadas pola asociación de organizacións de produtores.

2. Estes programas deberán ser presentados ante o órgano competente, no prazo previsto no artigo 8, axustados, *mutatis mutandis*, ao anexo VIII, e seralles de aplicación o disposto no presente real decreto para as medidas, accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto dos programas operativos das organizacións de produtores.

3. As organizacións de produtores membros das asociacións de organizacións de produtores que presenten un programa operativo parcial deberán presentar un programa operativo individual ante o órgano competente que lles corresponda, en que especificarán e cuantificarán as medidas e accións do programa da asociación de organizacións de produtores, e indicarán a asociación de organizacións de produtores que as executará. Porén, non será necesario que estean acompañados da documentación completa correspondente a estas, que será presentada pola asociación de organizacións de produtores.

4. Os programas operativos parciais das asociacións de organizacións de produtores deberán cumprir para a súa aprobación co disposto no artigo 9.2.c), excepto o referente a obxectivos e aspectos ambientais, e os límites máximos de gastos recollidos no anexo IV do presente real decreto, e serán os programas operativos individuais das organizacións de produtores dos que forman parte os que deban cumprir cos requisitos exixidos para a aprobación dos programas operativos establecidos tanto pola normativa da Unión Europea como polo presente real decreto.

5. Así mesmo, as organizacións de produtores membros das asociacións de organizacións de produtores que presenten un programa operativo parcial deberán incluír no sistema informático definido no artigo 23 do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, que

accións do seu programa operativo van ser executadas pola asociación de organizacións de produtores e o nome desta.

Artigo 20. *Financiamento.*

1. Os programas operativos parciais das asociacións de organizacións de produtores financiaranse con achegas de todos os seus membros que se beneficien das medidas que conteñan os ditos programas. Non obstante, en aplicación do artigo 32.1 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, os membros que non teñan a condición de organización de produtores en virtude do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, non poderán beneficiarse directamente das axudas ao programa operativo.

2. As achegas das organizacións de produtores membros dunha asociación de organizacións de produtores deberán proceder exclusivamente dos fondos operativos que teñan aprobados polos órganos competentes para cada anualidade.

3. Para os efectos de financiar os seus programas operativos parciais, as asociacións de organizacións de produtores deberán constituír un fondo económico coas achegas dos seus membros, que deberá xestionarse segundo o establecido no artigo 5 do presente real decreto para os fondos operativos das organizacións de produtores ou das asociacións de organizacións de produtores con programa operativo total e fondo operativo.

4. Como máis tarde o 15 de setembro de cada ano, as asociacións de organizacións de produtores deberán comunicar ao órgano competente o montante do fondo económico do programa que se executará o ano seguinte, axustado ao disposto no anexo IX do presente real decreto, se for o caso, xunto coa solicitude de modificacións para anualidades non comezadas.

Artigo 21. *Modificacións dos programas operativos parciais.*

As modificacións dos programas operativos parciais das asociacións de organizacións de produtores rexeranse por:

a) No caso de modificacións para anualidades non comezadas, aplicaranse *mutatis mutandis* os artigos 15 e 17.

b) No caso de modificacións durante o ano en curso, aplicaranse *mutatis mutandis* os artigos 16 e 17.

Artigo 22. *Decisión por parte do órgano competente sobre os programas operativos parciais e as súas modificacións.*

1. O órgano competente comunicará á asociación de organizacións de produtores a decisión tomada sobre o seu programa operativo parcial ou sobre as súas modificacións como máis tarde o 1 de decembro do ano da súa presentación, segundo o disposto no artigo 33 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

A dita decisión deberá terse en conta para a aprobación dos programas operativos das organizacións de produtores membros, ou para as súas modificacións, por parte dos correspondentes órganos competentes. Para estes efectos, as ditas decisións deberán ser remitidas, ao mesmo tempo que ás asociacións de organizacións de produtores, aos ditos órganos. Neste último caso, deberán remitirse xunto cun informe motivado que xustifique a decisión adoptada e unha copia do programa.

En caso de que a decisión adoptada polo órgano competente sobre o programa operativo parcial da asociación de organizacións de produtores, ou as súas modificacións, sexa de aprobación, a resolución correspondente deberá conter, ao menos:

a) Un cadro resumo por medidas, coas accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto de cada unha delas, no cal se indique o seu custo, o seu calendario de financiamento, o titular e, se for o caso, o lugar de localización.

b) O importe total do custo da realización do programa para o ano seguinte e a forma de financiamento deste, en que se indiquen nunha relación todos os membros da asociación de organizacións de produtores, o nome de cada un, o seu número de identificación fiscal, se é ou non organización de produtores, o seu valor da produción comercializada e a súa achega económica en valor absoluto e porcentual.

c) O importe previsto da axuda financeira da Unión Europea que lle corresponde a cada organización de produtores membro para financiar o programa operativo da asociación de organizacións de produtores do ano seguinte.

2. Posteriormente á decisión sobre o programa operativo parcial da asociación de organizacións de produtores, ou as súas modificacións, os órganos competentes correspondentes decidirán sobre os programas e fondos operativos das organizacións de produtores membros desta e indicarán nas súas resolucións o importe anual correspondente á participación no programa operativo da asociación de organizacións de produtores, detallado por medidas e accións.

3. No caso de que algún ou algúns dos programas operativos individuais, ou as súas modificacións, non fose aprobado polo órgano competente, a asociación de organizacións de produtores deberá adaptar en consecuencia o seu programa operativo parcial como modificación do ano en curso, de forma que se manteñan no resto de programas operativos individuais os importes inicialmente previstos de participación no programa da asociación de organizacións de produtores.

Artigo 23. *Solicitude da axuda en caso de programas operativos parciais.*

1. No caso dos programas operativos parciais das asociacións de organizacións de produtores, as solicitudes de axuda presentaranas as ditas asociacións ou as organizacións de produtores membros, ante o órgano competente onde radique a sede social destas.

2. As asociacións de organizacións serán as que deban presentar a conta xustificativa correspondente mencionada no artigo 25, relativa ao programa operativo parcial, ante o órgano competente.

CAPÍTULO VI

Axudas

Artigo 24. *Solicitudes de axuda.*

1. As solicitudes de axuda que poderán presentar as organizacións de produtores ou as asociacións de organizacións de produtores, referidas a un fondo operativo concreto, pola execución deste no período establecido no artigo 7 do Regulamento de execución (UE) 2017/892 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, ante o órgano competente poderán ser:

a) Os anticipos da parte de axuda correspondente aos gastos previsibles aínda non realizados, regulados nos artigos 35 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 e 11 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, deberán presentarse en xaneiro, maio e setembro sobre unha base cuatrimestral, non poderán supor menos dun 20 por cento da axuda do fondo operativo aprobado e deberán ter sido achegadas as contribucións financeiras dos membros ou da propia organización de produtores, ou de ambos, ou as contribucións financeiras dos membros en caso das asociacións de organizacións de produtores, correspondentes ao fondo operativo.

En caso de que fosen percibidos anticipos sobre un fondo operativo previamente, estes deberán ter sido gastados realmente, así como as contribucións correspondentes da organización de produtores, antes de proceder á concesión dun novo anticipo. En caso contrario, será de aplicación o artigo 67 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

b) Os pagamentos parciais de axuda correspondente a importes xa aprobados e gastados, regulados no artigo 12 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892,

poderán presentarse tres veces até o 31 de outubro da anualidade en curso sempre que o importe solicitado non supoña menos do 20 por cento da axuda do fondo operativo aprobado.

c) Os saldos a que fai referencia o artigo 9 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892 serán a diferenza entre a axuda total solicitada unha vez finalizada a anualidade e os anticipos e pagamentos parciais cobrados durante esta. Presentaranse como máis tarde no prazo establecido no artigo 9.1 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892.

d) A axuda total a que fai referencia o artigo 9 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892 será a axuda correspondente á execución do programa operativo durante unha anualidade solicitada unha vez concluída esta, en caso de que non se solicitasen anticipos nin pagamentos parciais. Presentaranse como máis tarde no prazo establecido no artigo 9.1 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892.

2. Os prazos de pagamento para anticipos e pagamentos parciais serán de dous e tres meses, respectivamente, contados desde a recepción completa da solicitude por parte do órgano competente.

3. As solicitudes de pagamentos parciais, saldo e axuda total deberán presentarse conforme o modelo que estableza o órgano competente, e deberán xuntar, ao menos, a conta xustificativa que lle corresponda, segundo o establecido no artigo 25 do presente real decreto.

4. Se o órgano competente da comunidade autónoma así o establece, as ditas solicitudes deberán realizarse a través da aplicación «Xestión de programas operativos» do Fondo Español de Garantía Agraria. Tamén serán válidas outras aplicacións creadas para tal efecto polas comunidades autónomas.

Artigo 25. *Conta xustificativa.*

1. Xunto coa solicitude de pagamentos parciais, saldo e axuda total, as organizacións de produtores e as asociacións de organizacións de produtores presentarán ante o órgano competente unha conta xustificativa segundo o disposto no artigo 9.2 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892 e no seu artigo 23, así como na sección 2 do capítulo 2 do título II do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, que presentarán as organizacións de produtores e as asociacións de organizacións de produtores.

2. En caso de que a organización de produtores ou a asociación de organizacións de produtores realízase a xestión do fondo operativo a través dunha conta bancaria, única e exclusiva, a conta xustificativa establecida no número 1 do presente artigo deberá conter, ao menos:

a) Unha memoria de actuación xustificativa sobre o cumprimento do programa operativo executado con respecto ao aprobado polo órgano competente que inclúa un cadro comparativo entre as actividades realizadas e as aprobadas, e un informe sobre os obxectivos conseguidos coa súa realización tal e como se establece no artigo 21.3 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892 e no artigo 31.1 do presente real decreto.

Na solicitude de saldo ou axuda total correspondente ao penúltimo ano do programa operativo, esta memoria deberá ir acompañada dun informe en que figuren as medidas, accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto, realizados ao longo do programa, e os obxectivos conseguidos. O dito informe deberá ir acompañado do anexo II do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, cuberto e que reflicta a situación da entidade ao final do programa operativo a través do sistema informático definido no artigo 23 do Real decreto 532/2017, do 26 de maio.

b) Unha memoria económica que deberá conter:

1.º Informe sobre como se calculou o valor da produción comercializada, cálculo deste e documentación contable que avale as cifras empregadas, como xustificante mencionado no artigo 9.2.b) do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892.

2.º Relación detallada das achegas ao fondo operativo e forma de obtención destas, como xustificante mencionado no artigo 9.2.c) do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892.

3.º Unha relación enlazada co cadro citado no primeiro parágrafo da letra a) do número 1 do presente artigo, clasificada segundo o cadro da resolución de aprobación do programa operativo por parte do órgano competente, en que se indiquen os investimentos e gastos realizados, o seu lugar de localización, a súa titularidade, o seu custo, a desviación respecto do importe polo que foron aprobados, a súa forma de financiamento, o número e data das facturas que os soportan e a data de pagamento destas como xustificantes mencionados no artigo 9.2.d), e), f) do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892.

4.º As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e a documentación acreditativa do pagamento da relación de investimentos a que se fai referencia no parágrafo anterior, ordenadas por medidas, accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto, de acordo co cadro da resolución de aprobación do programa operativo por parte do órgano competente. O órgano competente poderá decidir que, en caso de que o número de facturas sexa moi elevado, a súa presentación sexa substituída por unha relación destas.

5.º Documento en que se recollan todos os movementos do fondo operativo, con indicación da data e da procedencia ou do destino de cada un dos seus movementos. Deberá ir acompañado da documentación bancaria que acredite os movementos desde o 1 de xaneiro do ano correspondente ao fondo operativo até a data de presentación da solicitude de axuda establecida no artigo 9.1 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, visado pola correspondente entidade financeira. Igualmente, tamén deberá ir acompañado de xustificantes bancarios correspondentes ás achegas ao fondo.

6.º Sobre os membros produtores que causasen baixa na organización de produtores durante a anualidade anterior e realizasen investimentos nas súas explotacións, os ditos investimentos ou o valor residual deles, e os importes reembolsados á organización de produtores por eses conceptos.

3. En caso de que a organización de produtores ou a asociación de organizacións de produtores realizase a xestión do fondo operativo en varias contas bancarias, a conta xustificativa establecida no número 1 do presente artigo deberá ser acompañada por un informe dun auditor inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas ou noutro rexistro equivalente comunitario, que deberá ter o seguinte alcance:

a) Verificación de que o fondo operativo foi constituído acorde co aprobado no programa operativo.

b) Verificación de que os datos utilizados para o cálculo do valor da produción comercializada figuran na contabilidade da entidade e que as contas correspondentes foron aprobadas por esta.

c) Verificación documental de que os gastos realizados e polos que se solicita axuda se axustan ao programa operativo aprobado, en canto a concepto, lugar de localización e titularidade, e se financiaron co fondo operativo consonte o acordado pola asemblea xeral da organización de produtores.

Neste caso, a conta xustificativa deberá estar formada, ao menos, pola memoria de actuación xustificativa mencionada no número 2.a) do presente artigo e pola seguinte memoria económica:

1.º Informe do auditor mencionado no número 3, primeiro parágrafo, do presente artigo, no cal deberá constar o resultado detallado das comprobacións realizadas.

2.º A documentación mencionada nos puntos do número 2.b) do presente artigo.

4. Os pagamentos financiados ao abeiro dos programas operativos poderanse xustificar mediante facturas e documentos que poderán emitirse a nome da organización de produtores, da asociación de organizacións de produtores, da filial recollida no artigo

22.8 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 ou, en desenvolvemento do artigo 26.4 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, a nome dos membros produtores da organización de produtores ou membros da asociación de organizacións de produtores, en caso de que se trate de pagamentos para investimentos ou conceptos de gasto realizados nas súas explotacións ou instalacións.

No caso dos gastos de persoal, non se poderán aceptar outras facturas ou documentos non emitidos a nome da organización de produtores, da asociación de organizacións de produtores, da filial recollida no artigo 22.9 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 ou, en desenvolvemento do número 2.b) do anexo III do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, de cooperativas que son membros dunha organización de produtores cuxa personalidade xurídica sexa cooperativa de segundo ou ulterior grao. Para este último caso só se poderán admitir os gastos de persoal relativos ás actuacións 2.2.1, 7.35.1 e 7.36.1.

No caso de que algún dos membros produtores dunha organización de produtores ou asociación de organizacións de produtores sexa unha entidade xurídica composta por produtores, os pagamentos tamén se poderán xustificar mediante facturas e documentos emitidos tanto a nome da dita entidade xurídica como a nome dos seus membros, en caso de que se trate de pagamentos para investimentos ou conceptos de gasto realizados nas súas instalacións ou explotacións.

5. En caso de que a solicitude conteña gastos programados e non efectuados antes do 31 de decembro, a que se refire o artigo 9.3 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, a xestión do fondo deberá reflectir a achega equivalente da organización de produtores que permita afrontar o seu pagamento, e a conta xustificativa mencionada no número 1 do presente artigo deberá incluír a documentación necesaria que acredite que a execución correspondente aos ditos gastos non puido levarse a cabo por motivos alleos á organización de produtores en cuestión.

6. En caso de solicitude de pagamentos parciais en virtude do artigo 24, números 1.b) e 3, do presente real decreto presentaranse os xustificantes correspondentes, como facturas e outros documentos que demostren que se efectuou o pagamento.

Artigo 26. *Controis.*

1. O Fondo Español de Garantía Agraria, en colaboración coas comunidades autónomas, elaborará un plan nacional de control.

O plan nacional de control deberá recoller calquera aspecto que se considere necesario para a realización dos controis, tanto administrativos como sobre o terreo, da aprobación do programa operativo, das súas modificacións e das solicitudes de axuda.

2. As comunidades autónomas elaborarán plans rexionais de control axustados ao plan nacional.

3. Corresponde aos órganos competentes a responsabilidade dos controis das axudas reguladas neste real decreto. Naqueles casos en que os controis os leven a cabo dúas ou máis comunidades autónomas, deberanse establecer entre as administracións implicadas os mecanismos de colaboración para a súa mellor xestión.

4. Sen prexuízo de calquera outra disposición, non se efectuará ningún pagamento a ningún beneficiario cando se demostre que este creou artificialmente as condicións requiridas para a concesión de tales pagamentos, con vistas a obter unha vantaxe contraria aos obxectivos do réxime de axuda.

Artigo 27. *Programas operativos de organizacións transnacionais de produtores e asociacións transnacionais de organizacións de produtores.*

1. En caso de que unha organización transnacional de produtores ou unha asociación transnacional de organizacións de produtores execute un programa operativo, serán de aplicación, respectivamente, as letras b), c), na parte correspondente, e d) do artigo 14.3 e do artigo 21.3 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, cando na comunidade autónoma en cuestión radique a sede social da entidade, definida nos números 1 e 2 dos

citados artigos, á cal lle corresponderá tanto a aprobación dos programas operativos como o pagamento da axuda.

Para tal fin, o órgano competente da comunidade autónoma solicitará á Dirección Xeral de Producións e Mercados do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación que requira ao resto de Estados membros implicados a documentación pertinente para o cumprimento do presente real decreto, en virtude da cooperación administrativa indicada no artigo 14.3.c) do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

2. Nos casos en que a sede social radique noutro Estado membro, o órgano competente da comunidade autónoma en cuestión deberá remitirle a documentación pertinente que se estableza en virtude da cooperación administrativa indicada nos artigos 14.3.c) e 21 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

CAPÍTULO VII

Coordinación entre comunidades autónomas

Artigo 28. Coordinación na aprobación e control dos programas operativos e as súas modificacións en caso de organizacións de produtores ou asociacións de organizacións de produtores de ámbito superior ao dunha comunidade autónoma.

1. As organizacións de produtores, ou asociacións de organizacións de produtores, presentarán ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radique a súa sede social o programa operativo. O dito órgano remitirá, en caso necesario, tantas copias do programa operativo como comunidades autónomas estean implicadas territorialmente nas súas accións.

2. O órgano competente na aprobación deste programa operativo poderá requirir, en caso necesario, dos órganos competentes das comunidades autónomas mencionadas no número anterior, a información necesaria para emitir a decisión a que se refire o artigo 33 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891. En particular, esta información poderá referirse a:

a) No caso de investimentos efectuados nas comunidades autónomas en cuestión, os correspondentes informes que acrediten que os ditos investimentos non se iniciaron antes do 1 de xaneiro seguinte á presentación do dito programa operativo.

b) Que os ditos investimentos efectuados nas comunidades autónomas en cuestión cumpren coas condicións establecidas no artigo 30 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, e no artigo 10 do presente real decreto.

Os órganos competentes das comunidades autónomas onde se realicen os investimentos proporcionarán a información solicitada no prazo máximo de 30 días naturais a partir da recepción da dita solicitude.

Transcorrido este prazo sen que a comunidade autónoma competente para a aprobación do programa operativo recibise esta información, estará lexitimada para adoptar a decisión que proceda.

3. No que se refire ao control de dobre financiamento, o órgano competente deberá comunicar a resolución de aprobación dos programas operativos ás comunidades autónomas onde se vaian realizar as medidas, accións e investimentos ou conceptos de gasto, e especificar, no caso dos investimentos, a identificación das parcelas mediante o sistema Sixpac en que se efectúen, ben sexan comúns, ben se efectúen en explotacións de membros produtores, con indicación ademais, neste último caso, do seu nome, razón social e DNI ou NIF.

4. As disposicións recollidas nos números 1, 2 e 3 do presente artigo serán de aplicación ás modificacións dos programas operativos reguladas polos artigos 15 e 16 do presente real decreto.

5. O control do cálculo do valor da produción comercializada á saída da asociación de organizacións de produtores e á saída da filial definida segundo o artigo 22.8 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 corresponderá ao órgano competente da comunidade autónoma onde radique a sede social da organización de produtores ou a asociación de organizacións de produtores, ou da filial, que enviará un informe ao resto de comunidades autónomas que estean implicadas territorialmente.

6. O número 5 do presente artigo aplicarase *mutatis mutandis* aos controis relativos á conta xustificativa establecida no artigo 25 do presente real decreto.

CAPÍTULO VIII

Comunicacións ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación

Artigo 29. *Comunicacións das comunidades autónomas relativas á aprobación anual dos fondos operativos.*

As comunidades autónomas deberán remitir anualmente, até o 25 de xaneiro, a información establecida no artigo 54.a) do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

Artigo 30. *Comunicacións e notificacións das comunidades autónomas relativas á medida de prevención e xestión de crises.*

1. As comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nos cinco días naturais seguintes á quincena vencida, a información relativa ás accións 6.1 e 6.2 da medida 6 do anexo IV do presente real decreto, desagregada por organizacións de produtores e produto, variedade ou tipo, mediante a aplicación informática establecida conforme o artigo 23 do 532/2017, do 26 de maio.

Non obstante, para aquelas comunidades autónomas que utilicen o módulo de xestión e prevención de crises establecido na aplicación «Xestión de programas operativos» para este efecto polo Fondo Español de Garantía Agraria, esta obrigaón darase por cumprida.

Artigo 31. *Comunicacións das organizacións de produtores relativas aos indicadores dos programas operativos.*

1. Para os efectos de remitir á Comisión a información establecida no artigo 21.3 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, as organizacións de produtores deberán introducir no sistema informático definido no artigo 23 do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, entre o 1 de xaneiro e o 15 de febreiro de cada ano, a información relativa aos indicadores financeiros e de execución e de resultado e impacto solicitados polo dito sistema.

No que se refire aos indicadores de base, en cumprimento do artigo 4.1.a) do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, deberánse introducir no mencionado sistema informático entre o 1 e o 15 de setembro do ano de presentación do programa operativo.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas validarán a dita información introducida polas organizacións de produtores entre o 15 de febreiro e o 15 de setembro de cada ano, co fin de cumprir coa remisión á Comisión do informe anual establecido no artigo 54 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

Disposición transitoria primeira. *Programas operativos aprobados en virtude do Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011.*

As organizacións de produtores comunicarán á autoridade competente, como máis tarde o 5 de outubro de 2018, a súa decisión sobre os programas operativos aprobados baixo o Regulamento de execución (UE) n.º 543/2011 da Comisión, do 7 de xuño de 2011, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello

nos sectores das froitas e hortalizas e das froitas e hortalizas transformadas, que poderán, independentemente de que se modificasen de acordo cos artigos 15 e 16 do presente real decreto:

a) Continuar até a súa finalización baixo as condicións aplicables antes da entrada en vigor do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017. Neste caso, non será necesario realizar a dita comunicación.

b) Ser modificados para que cumpran os requisitos do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

c) Ser substituídos por un novo programa operativo aprobado baixo o Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, aos programas operativos aprobados que opten pola letra a), en todo caso, aplicaráselles as seguintes disposicións do presente real decreto:

- Artigo 3, número 3, parágrafos segundo e terceiro.
- Artigo 5, letra a).
- Artigo 6.
- Artigo 8, segundo parágrafo.
- Artigo 9, número 2, letra c), e 4.
- Artigo 15, número 2, excepto a letra f).
- Artigo 16, números 1, 2, excepto a letra c), 3 e 4.
- Artigo 17, número 2.
- Artigo 18.
- Artigos 19 a 23.
- Artigo 25, números 3 e 5.
- Artigo 26, número 1.
- Artigo 28.
- Artigo 29.
- Artigo 30.
- Artigo 31.
- Anexo I, número 1, letra g), e 2.
- Anexo II.
- Anexo III.
- Anexo IV, actuacións 1.3.1, 2.1.7, 6.1.2 e 8.2.1 e medida 7 en canto á lista de accións subvencionables.
- Anexo VII.
- Anexo VIII.
- Anexo IX.

Os límites establecidos nas actuacións 2.2.1, 3.1.4 e 2.2 son de aplicación desde o momento da adaptación á nova normativa das anualidades que restan do programa operativo. Se nas anualidades xa executadas antes da entrada en vigor xa se superase o límite para o conxunto do programa operativo, nas anualidades restantes non se poderán incluír estas actuacións.

Disposición transitoria segunda. *Programas operativos aprobados en virtude do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.*

Como máis tarde o 5 de outubro de 2018, as organizacións de produtores con programas operativos aprobados baixo o Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, ou modificados ou substituídos co fin de adaptarse ao mencionado regulamento, deberán adaptarse aos requisitos establecidos no Regulamento (UE) n.º 1308/2013 modificado polo Regulamento (UE) n.º 2017/2393 do Parlamento Europeo e do Consello; no Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, modificado polo Regulamento delegado (UE) n.º 2018/1145, e no Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892 modificado polo Regulamento de execución (UE) n.º 2018/1146.

Disposición transitoria terceira. *Prazos relativos á anualidade 2019 dos fondos e programas operativos.*

Para a anualidade 2019, o prazo establecido nos artigos 7, 8, 15, 20 e 31 posponse até o 5 de outubro de 2018.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 533/2017, do 26 de maio, sobre fondos e programas operativos das organizacións de produtores de froitas e hortalizas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de normativa básica e dítase de conformidade co establecido no artigo 149.1.13.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Autorízase a persoa titular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a levar a cabo as modificacións precisas nas datas establecidas no real decreto, así como nos seus anexos, cando as ditas modificacións sexan exixidas como consecuencia da normativa Unión Europea. Tamén levará a cabo a modificación do anexo IV como consecuencia de cambios na lista de medidas, accións, actuacións, investimentos ou conceptos de gasto que cumpran co establecido na normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor e aplicación.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», salvo o artigo 9.3, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2019.

Non obstante, os artigos 10.2, 12, 13.2, o número 1.f) do anexo I e as accións 6.4, 6.5 e 6.7 do anexo IV serán de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2018.

Dado en Madrid o 21 de setembro de 2018.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES

ANEXO I

Cálculo do valor da produción comercializada

1. O valor da produción comercializada dunha organización de produtores ou dunha asociación de organizacións de produtores será a suma dos seguintes valores contables correspondentes ao período de referencia establecido no artigo 4 do presente real decreto, aos cales se deberán deducir os importes establecidos no número 4 do presente anexo:

a) A produción de froitas e hortalizas para a cal se encontra recoñecida a organización de produtores, producida por ela mesma e polos seus membros produtores, e comercializada como produto en fresco pola dita organización.

Ou ben a produción de froitas e hortalizas para a cal se encontra recoñecida a asociación de organizacións de produtores, producida por ela mesma ou polos seus membros produtores que son organizacións de produtores, e comercializada como produto fresco pola dita asociación.

b) A produción de froitas e hortalizas para a cal se encontra recoñecida a organización de produtores, producida por ela mesma e polos seus membros, e comercializada para a transformación dos produtos enumerados na parte X do anexo I do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e do anexo I do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, nas condicións de proporcionalidade que se indican no artigo 22.2 deste último regulamento, sempre que fosen transformadas por unha organización de produtores, por unha asociación de organizacións de produtores ou os seus membros produtores, ou por filiais definidas no artigo 22.8 do mesmo regulamento, por eles mesmos ou mediante externalización.

Ou ben a produción de froitas e hortalizas para a cal se encontra recoñecida unha asociación de organizacións de produtores, producida por ela mesma e polos seus membros produtores que son organizacións de produtores, e comercializada para a transformación dos produtos enumerados na parte X do anexo I do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e do anexo I do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, nas condicións de proporcionalidade que se indican no artigo 22.2 deste último regulamento, sempre que fosen transformadas por unha organización de produtores, por unha asociación de organizacións de produtores ou os seus membros produtores, ou membros organizacións de produtores, ou por filiais definidas no artigo 22.8 do mesmo regulamento, por eles mesmos ou mediante externalización.

c) A produción de froitas e hortalizas correspondente a outras organizacións de produtores, pero comercializada en fresco ou para transformación nos produtos enumerados na parte X do anexo I do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e do anexo I do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

Para a consideración deste valor deberán cumprirse as seguintes condicións:

1.º Que sexa de aplicación o disposto polo artigo 12.1.b) e c) do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891,

2.º que a organización de produtores autorice os seus membros produtores para realizaren esta comercialización,

3.º que o dito produto sexa comercializado na súa totalidade por outra ou outras organizacións de produtores e nunca pola que realizou a autorización, e

4.º que o membro produtor autorizado comercialice toda a produción dese produto a través dunha soa organización de produtores.

d) Os subprodutos a que se refire o artigo 22.3 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

e) En aplicación do artigo 22.4 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, as retiradas do mercado realizadas en virtude do artigo 34.4 do Regulamento (UE) n.º

1308/2013, estimadas en función do prezo medio dos produtos comercializados pola organización de produtores durante o período de referencia en cuestión.

f) En aplicación do disposto no artigo 22.10 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, as indemnizacións procedentes de seguros sobre as producións, percibidas en virtude de:

1.º Pólizas contratadas, en concepto de asegurado, pola organización de produtores ou os seus membros produtores.

2.º Aplicacións formalizadas polos membros produtores a pólizas colectivas, sempre que a organización de produtores reciba o importe da indemnización.

g) O valor da produción comercializada dos novos membros que se incorporen por primeira vez a unha organización de produtores ou asociación de organizacións de produtores calcularase como o valor real da produción comercializada facturada durante o período de referencia, establecido no artigo 4 do presente real decreto, da organización de produtores ou asociación de organizacións de produtores. En caso de que non se dispoña do valor no dito período de referencia, calcularase nun período de doce meses consecutivos dentro dos tres anos anteriores á presentación do programa operativo ou a correspondente anualidade do fondo operativo.

Ou ben, o valor da produción comercializada facturada por produtores que pertencesen a unha organización de produtores ou asociación de organizacións de produtores nas condicións determinadas no artigo 3.3 do presente real decreto.

h) En aplicación do disposto no número 9 do artigo 22 do Regulamento delegado (UE) 2017/891 da Comisión, do 13 de marzo de 2017, cando haxa externalización dalgunha actividade, o valor económico engadido da actividade externalizada pola organización de produtores aos seus membros produtores, a terceiros, ou a unha filial distinta da definida no número 9 do mesmo artigo 22.

2. O valor da produción comercializada deberase obter a partir da correspondente documentación contable que o acredite e todos os asentos contables deben estar xustificadas por facturas expedidas conforme o Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, e cando estas non sexan exixibles, por recibos asinados, extractos bancarios ou outros xustificantes que acrediten suficientemente as transaccións comerciais.

As organizacións de produtores e as asociacións de organizacións de produtores deberán diferenciar contablemente as vendas de produtos para os que está recoñecida dos demais produtos obxecto da súa actividade.

A contabilidade a partir da cal se obtén o valor da produción comercializada deberá estar aprobada polo órgano competente da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores ou, en ausencia da dita aprobación, que as referencias contables en que se basee o citado cálculo, de conformidade co artigo 3 do presente real decreto, estean auditadas por un auditor externo inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, ou noutro rexistro equivalente comunitario.

Non obstante, o órgano competente da comunidade autónoma poderá autorizar que, en casos debidamente xustificadas e, en particular, cando o período de referencia dunha organización de produtores finalice nunha data próxima á establecida no artigo 4 do presente real decreto, a aprobación da contabilidade polo órgano competente da organización de produtores ou o informe dun auditor externo sobre as contas auditadas se produza nunha data posterior á presentación do programa operativo pero con anterioridade á data de aprobación do programa operativo. O dito órgano competente poderá establecer, ademais, unha data límite para esta presentación excepcional dos documentos que, en calquera caso, deberá ser anterior ao 15 de decembro.

3. En caso de que unha organización de produtores ou unha asociación de organizacións de produtores non teña contabilizadas as vendas da súa produción de forma separada das vendas procedentes de terceiros, a partir das contas relativas ás compras

de cada produto para os cales a organización de produtores estea recoñecida, tanto de socios como de provedores independentes (grupo 600 «compras» e 400 «provedores»), calcularase a porcentaxe que supoñen as compras correspondentes á súa produción, respecto das compras totais de produtos correspondentes ás categorías de recoñecemento. A porcentaxe así calculada aplicarase ás vendas de produtos correspondentes ás categorías de recoñecemento para calcular o valor da súa produción comercializada.

4. Ao valor facturado da produción comercializada pola organización de produtores, pola filial ou pola asociación de organización de produtores aplicaráselle as seguintes deducións:

- a) O importe dos gastos de transporte de mercadoría envasada e preparada para a venda pagado a terceiros que figure na contabilidade da entidade.
- b) O importe dos servizos profesionais de comisionistas e axentes mediadores independentes nas vendas.
- c) O importe dos descontos sobre vendas por pronto pagamento.
- d) O importe das devolucións de vendas.
- e) O importe dos *rappels* e descontos aplicados nas operacións de vendas.
- f) No caso de utilización de medios propios para o transporte de mercadoría envasada e preparada para a venda a saída de organizacións de produtores, o importe equivalente ao custo de amortización e de utilización dos ditos medios.
- g) Se é o caso, o custo do transporte entre o centro de acondicionamento do produto e o de saída a través da filial.
- h) O importe do IVE ou do IXIC.
- i) Os custos de transporte interno á organización de produtores cando a distancia entre os puntos centralizados de recollida ou envasado da organización de produtores e o punto de distribución desta supere os trescentos quilómetros.
Non obstante, nas organizacións de produtores localizadas nas illas Canarias e nas illas Baleares, o custo do transporte interno entre o centro de envasado e o de distribución das ditas organizacións cando este estea localizado nos portos de saída formará parte do valor da produción comercializada.
- j) O importe dos seguros de mercadorías nas operacións de venda.
- k) Diferenzas negativas de cambios.

Para poder aplicar as reducións previstas nas letras a), b), c), d), e) e j) será necesario que os importes correspondentes estean previamente contabilizados e que a redución se practique en consonancia cos respectivos asentos contables.

5. A organización de produtores que desexe calcular todo ou parte do seu valor da produción comercializada á saída dunha filial ou dunha asociación de organización de produtores deberá comunicar esa intención anualmente e achegará a seguinte información:

- a) Datos das actividades que realizan coa asociación de organizacións de produtores ou filial, ben mediante contratación, ou tras a venda en firme da produción, ou tras a posta a disposición da produción.
- b) Declaración da filial ou da asociación de organizacións de produtores en que se compromete a permitir a realización dos controis físicos e administrativos que o órgano competente considere oportunos para comprobar os aspectos relacionados co valor da produción comercializada e coa propiedade do capital social no caso da filial.
- c) No caso dunha asociación de organizacións de produtores, nome e número de recoñecemento e comunidade autónoma onde teña a súa sede social.
- d) No caso dunha filial: NIF, nome, enderezo, código postal, municipio segundo o Instituto Nacional de Estatística, provincia, comunidade autónoma, Estado membro, teléfono, fax, correo electrónico, forma xurídica e propietarios do capital social coa súa correspondente participación na entidade.

Anualmente, e xunto coa comunicación anterior, deberá presentar a documentación a que fai referencia o artigo 7 do presente real decreto e un certificado do valor da produción

comercializada da filial ou da asociación de organización de produtores, correspondente á produción achegada pola organización de produtores, e o método de cálculo do dito valor.

6. Nos casos de fusións, definidas no artigo 3.2 do Real decreto 532/2017, e en aplicación do artigo 15 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 e do artigo 14 do presente real decreto, nos casos de constitución dunha entidade de segundo ou ulterior grao como organización de produtores ou de integracións de organizacións de produtores recoñecidas, precedidos da perda de cualificación como organización de produtores das entidades asociadas á de segundo ou ulterior grao e de todas as entidades menos unha en caso de integracións, o valor da produción comercializada será a suma dos valores da produción comercializada de cada unha das organizacións de orixe en cada un dos seus períodos de referencia calculados segundo o disposto no artigo 3.1 do presente real decreto.

7. En virtude do artigo 23.4 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, cando o valor dun produto experimente unha redución de, ao menos, o 35 por cento, por motivos alleos á responsabilidade e control da organización de produtores, o valor da produción comercializada do dito produto será igual ao 65 por cento do seu valor no período de referencia anterior. Para efectos de xustificar que a redución no valor do produto se produciu por motivos alleos á responsabilidade e control da organización de produtores, no momento da comunicación recollida no artigo 7 do presente real decreto deberase presentar o documento citado no número 4 da epígrafe B) do anexo II deste real decreto.

ANEXO II

Información e documentación mínima que remitirán anualmente as organizacións de produtores e as asociacións de organizacións de produtores

A) Datos xerais da entidade:

1.º Número de organización de produtores ou de asociación de organizacións de produtores.

2.º Razón social.

3.º Domicilio.

4.º NIF.

5.º Persoa de contacto e teléfono desta.

6.º Anualidade do programa que se financia.

7.º Programa operativo a que pertence: 20... a 20...

8.º Asociación de organización de produtores a que pertence.

B) Documentación que se remitirá:

1.º Copia da acta da asemblea xeral da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores ou do órgano equivalente da sección, se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente en función da personalidade xurídica, en que se fagan constar a aprobación da constitución do fondo operativo anual, as disposicións para a súa provisión e o método de cálculo das contribucións financeiras, e que todos os membros produtores ou membros que son organizacións de produtores no caso das asociacións tiveron a oportunidade de se beneficiaren do fondo operativo e de participaren democraticamente nas decisións relacionadas coa súa utilización e das contribucións financeiras. O dito documento deberá conter, ademais:

a) A forma en que se xestionou o fondo operativo das establecidas no artigo 5 do presente real decreto.

b) O importe do fondo operativo que se constituirá na anualidade que comeza o 1 de xaneiro seguinte, con indicación dos importes que se prevén destinar a cada medida, acción, actuación, investimento e concepto de gasto do programa operativo.

c) O método de cálculo e o nivel detallado de cada unha das contribucións financeiras, tanto para o orzamento de financiamento como para o de execución,

achegando, se for o caso, a información necesaria para xustificar os diferentes niveis de contribución.

d) O procedemento de financiamento do fondo operativo.

2.º Un documento en que figuren as accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto que se realizará na anualidade seguinte dentro de cada medida do programa, e para cada unha delas, ao menos:

a) Unha descrición detallada desta, que inclúa o importe previsto para a súa execución.

b) Lugar exacto de localización da parcela agrícola, con indicación da identificación xeográfica mediante o sistema Sixpac.

c) Titularidade, con indicación do nome, nacionalidade ou razón social, NIF ou, se for o caso NIE, e relación coa organización de produtores.

d) Medios humanos e materiais necesarios para a súa realización.

e) En cumprimento do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, cando o importe do investimento ou concepto de gasto que se vai incluír supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para o contrato menor, tres ofertas de diferentes provedores

f) Xustificación da necesidade da súa realización.

g) Calendarios de execución e financiamento.

h) Forma de financiamento.

i) Se for o caso, unha acta emitida pola autoridade competente da comunidade autónoma onde se vaia realizar o investimento en que se faga constar que o investimento que se vai realizar non se iniciou na parcela correspondente.

Esta información na primeira anualidade do programa deberá estar incluída no anexo III.

3.º Certificado relativo ao valor da produción comercializada sobre o que se baseará o cálculo da axuda financeira da Unión Europea ao fondo operativo e, se for o caso, certificado da filial/asociación de organizacións de produtores, calculado segundo o disposto no artigo 22 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 e no anexo I do presente real decreto. En ambos os casos, deberá especificarse:

a) O período de referencia.

b) A data e o foro en que a contabilidade a partir da cal se obtivo foi aprobada polo órgano competente da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores tendo en conta, se for o caso, o prazo de presentación establecido no último parágrafo do número 2 do dito anexo.

c) Cada un dos importes dos conceptos relacionados no número 1 do anexo I do presente real decreto.

d) Cada un dos importes dos conceptos relacionados no número 4 do anexo I do presente real decreto.

e) Se for o caso, estar acompañado por un documento en que figuren os cálculos realizados en virtude do número 3 do anexo I do presente real decreto.

En caso de que a contabilidade da entidade non fose aprobada polo órgano competente desta, este certificado deberá indicalo e os datos contables utilizados pola organización de produtores deberán basearse nos datos do informe do auditor externo coas características recollidas no artigo 5.b) do presente real decreto.

4.º No caso de que o valor dun produto experimentase unha redución por motivos alleos á responsabilidade e control da organización: a documentación que xustifique este feito, e que demostre, en particular, que o dito descenso non se debeu a diminucións dos efectivos produtivos.

5.º Se for o caso, a documentación e información descrita no número 5 do anexo I do presente real decreto.

6.º Un compromiso dos titulares das accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto de que non recibiron nin van recibir, directa ou indirectamente, ningunha outra axuda pola súa execución.

7.º A documentación específica para cada acción, actuación, investimento e concepto de gasto, exixida polo Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, o Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, o presente real decreto ou as directrices nacionais para a elaboración dos pregos de condicións referentes ás accións ambientais.

ANEXO III

Formato dos proxectos de programas operativos que presentarán as organizacións de produtores e as asociacións de organizacións de produtores

A) Identificación da entidade solicitante:

- 1.º Razón social.
- 2.º Domicilio social.
- 3.º Teléfono.
- 4.º Fax.
- 5.º Correo electrónico
- 6.º NIF.
- 7.º Persoa de contacto e teléfono desta.

B) Descrición da situación partida da entidade:

1.º En canto aos efectivos produtivos da entidade:

- a) Superficies de cultivo por especies, comunidades autónomas e Estados membros.
- b) Volumes de produción por especies, comunidades autónomas e Estados membros.
- c) Actuacións que xa leva a cabo a organización de produtores ou a asociación de organizacións de produtores no ámbito da obtención da produción.

2.º En canto á comercialización da produción dos socios:

- a) Descrición do proceso comercial
- b) Actuacións que xa leva a cabo a organización de produtores ou a asociación de organizacións de produtores neste ámbito.

3.º En canto á infraestrutura:

- a) Descrición das instalacións á disposición dos membros produtores, con indicación de se son en propiedade, arrendadas ou con contrato de servizos.
- b) Actividades externalizadas e entidades que as realizan.
- c) Filiais.
- d) Medios humanos.
- e) Equipo administrativo.

4.º Sección 4 do anexo II do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892 cuberta reflectindo a situación de partida da entidade ao comezo do programa operativo a través do sistema informático definido no artigo 23 do Real decreto 532/2017, do 26 de maio, polo que se regulan o recoñecemento e o funcionamento das organizacións de produtores do sector de froitas e hortalizas.

C) Obxectivos perseguidos polo programa operativo: deberanse especificar os obxectivos do programa operativo tendo en conta as perspectivas de produción e saídas comerciais, e facendo referencia a como contribúe á consecución dos

obxectivos definidos na estratexia nacional. Con este obxecto, deberán ser cuantificados.

De acordo co artigo 33.1 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, o programa operativo deberá conter, ao menos, dous dos obxectivos recollidos no dito número, ou dous dos obxectivos mencionados no artigo 152.c) do Regulamento (UE) n.º 1308/2013.

D) Duración e medidas do programa:

1.º Descrición detallada das medidas, desagregadas en accións, e estas, en actuacións, que se realizarán en cada ano de aplicación do programa, para conseguir os obxectivos perseguidos por el. Deberase indicar en que grao cada acción e actuación:

a) Persegue os obxectivos mencionados no artigo 33 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

b) Complementa e é coherente con outras medidas que estea levando ou levase a cabo a entidade para conseguir os mesmos obxectivos, en especial coas contidas na axuda ao desenvolvemento rural e en programas operativos anteriores.

c) Implican un risco de dobre financiamento.

d) Se cumpre que máis do 50 por cento do valor dos produtos afectados pola súa realización son aqueles para os que a organización de produtores ou a asociación de organizacións de produtores estea recoñecida e é produción comercializada da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores.

e) Todos os membros produtores tiveron a oportunidade de beneficiarse delas, tendo en conta que, no caso dos programas operativos das asociacións de organizacións de produtores, os membros que non teñan a condición de organización de produtores en virtude do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, non poden ter a dita oportunidade.

2.º Para cada acción, actuación, investimento e concepto de gasto, excepto para as retiradas do mercado, que se realizarán na primeira anualidade do programa, deberá indicarse, ao menos:

a) Unha descrición detallada dela, que inclúa o importe previsto para a súa execución.

b) Lugar exacto de localización da parcela agrícola, con indicación da identificación xeográfica mediante o sistema Sixpac.

c) Titularidade, con indicación do nome ou razón social, NIF e relación coa organización de produtores.

d) Medios humanos e materiais necesarios para a súa realización.

e) En cumprimento do artigo 31.3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, cando o importe do investimento ou concepto de gasto que se inclúa supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, para o contrato menor, tres ofertas de diferentes provedores.

f) Xustificación da necesidade da súa realización.

g) Calendarios de execución e financiamento.

h) Forma de financiamento.

3.º En canto á acción relativa ás retiradas previstas, ao menos para a primeira anualidade do programa, deberá indicarse:

a) Volume, en peso, das retiradas previstas, por especies, con indicación das cantidades previstas que se destinarán á distribución gratuíta.

b) Volume medio, en peso, da produción comercializada da organización de produtores correspondente a cada un dos tres períodos de referencia anteriores á anualidade en que se van realizar as retiradas, das especies sobre as que se prevé facer retiradas. En caso de non dispor desta información, o volume das ditas especies será o considerado no recoñecemento da organización de produtores.

4.º Relación de accións ambientais que se desenvolverán no programa operativo incluíndo a opción de cumprimento destes compromisos de entre as letras a) e b) do artigo 33.5 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013.

5.º Certificado en que figure o acordo adoptado pola asemblea xeral da entidade, ou polo órgano equivalente da sección se a dita entidade está organizada en seccións, ou polo órgano equivalente segundo a personalidade xurídica da organización de produtores, para obter o reembolso dos investimentos ou valor residual dos investimentos, establecidos no artigo 18 do presente real decreto en caso de que o/s socio/s causen/n baixa na organización.

O período de obrigación de devolución dun investimento ou do seu valor residual, para os efectos do cálculo a que fai referencia o artigo 18 do presente real decreto e o último parágrafo do artigo 31.7 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, que será fixado pola organización de produtores en cinco anos ou no número de anos correspondente nos casos en que o financiamento do investimento se realice en máis de cinco anos salvo para os casos establecidos no segundo parágrafo do artigo 13.1 do presente real decreto.

O dito valor residual calcularase da seguinte forma:

Valor residual = [Valor adquisición × (Período de obrigación de devolución – Período comprendido entre a data de adquisición e a data de baixa do socio)] / Período de obrigación de devolución.

E) Aspectos financeiros:

1.º Orzamento previsto para a súa execución para cada ano de aplicación do programa.

2.º Calendario de realización, por anos.

3.º Calendario de financiamento, por anos.

F) Outra documentación. Ademais da anterior información e documentación, deberá incluírse no programa operativo:

1.º O anexo II do presente real decreto referido ao fondo operativo que financiará o primeiro ano do programa.

2.º Copia da acta da asemblea xeral da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores de que o programa operativo foi aprobado pola asemblea xeral da entidade ou o órgano equivalente da sección se a dita entidade está organizada en seccións, ou por un órgano equivalente, segundo a personalidade xurídica da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores.

3.º Un documento da entidade en que se comprometa a cumprir as disposicións do Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, do presente real decreto, ou as directrices nacionais para a elaboración dos pregos de condicións referentes ás accións ambientais.

4.º Un compromiso dos titulares das accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto, que se realizarán o primeiro ano do programa, de que non recibiron nin van recibir, directa ou indirectamente, ningunha outra axuda pola súa execución.

5.º A documentación específica para cada acción, actuación, investimento e concepto de gasto, exixida polo Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, o Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, o presente real decreto ou as directrices nacionais para a elaboración dos pregos de condicións referentes ás accións ambientais.

ANEXO IV

Medidas, accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto subvencionables no marco dos programas operativos e os requisitos relativos a estes

Xerarquía:

- As epígrafes de primeiro nivel describen as medidas.
- As epígrafes de segundo nivel describen as accións.
- As epígrafes de terceiro nivel describen as actuacións.
- Os puntos de último nivel describen os investimentos ou conceptos de gasto que poden incluírse en cada actuación.

1. *Medida dirixida a planificar a produción*

O gasto anual para o conxunto da medida estará limitado ao 80 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

En todos os investimentos o solicitante deberá cumprir con toda a normativa obrigatoria que corresponda, en particular no que se refire a autorizacións, licenzas e uso da auga.

Descrición	Condicións de subvencionalidade
<p>1.1 Infraestruturas das explotacións ou instalacións</p> <p>1.1.1 Instalacións de rega en parcelas (1.1.1)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Tubaxes, válvulas, ventosas, hidrantes, caudalímetros, transmisións de presión, variadores e arrincadores, tambores, sistemas de telecontrol, automatismos, filtros, sistemas de rega. • Estacións de bombeo (bombas, obra civil para a súa instalación, transformadores, infraestruturas de subministración de enerxía. • Cabezais de rega. • Tensiómetros, sensores e sondas de humidade. • Placas solares para cabezais. • Grupos electróxeos para cabezais. <p>1.1.2 Encoros, pozos e balsas de rega (1.1.2)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Movementsos de terras, estudos xeotécnicos, membranas de impermeabilización, valvularía, tubaxes, aliviadoiros, desaugadoiros, perforacións, entubado de pozos, construción de balsas de rega. <p>1.1.3 Desalgadoras e outras instalacións para a rega (1.1.3)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obra civil, filtros, tubaxes, membranas, válvulas, ventosas, transformadores, bombas, automatismos, depósitos e balsas. • Infraestruturas de transporte de auga (canaís e tubaxes de gran capacidade). • Outras. <p>1.1.4 Acondicionamento de parcelas para realizar novas plantacións (1.1.4)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Arrinca das plantacións anteriores. • Movementsos de terras, estruturas soporte, achegas e melloras de terras. • Utilización de plástico para acolchado de camallóns e entre camallóns. • Areamento. • Mallas antiherba. • Elementos para titorización de chantóns. • Traballos de preparación do solo. • Utilización de substrato reciclable. 	<ul style="list-style-type: none"> – O mesmo investimento en rega non pode ser incluído a nivel de socio e dentro dunha mesma anualidade en dúas accións simultaneamente (só nesta ou na actuación 7.11.1).

Descrición	Condições de subvencionalidade
<p>1.1.5 Invernadoiros e outros sistemas de cultivo protexido (1.1.5)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Construción de invernadoiros: plásticos, estruturas de suxeición da cuberta, utilización de substrato reciclable. • Mellora de invernadoiros: plásticos, instalación de dobres portas, dobre teito, ventás cenitais, equipamento de emisión de CO₂, xeradores, sistemas de calefacción e aproveitamento de CO₂, sistemas de rega, refrixeración, túneles, microtúneles, sublimadores, mallas de asombrado, etc. <p>1.1.6 Construcións auxiliares (1.1.6)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Vías de acceso ás explotacións, almacéns en campo, almacéns de insumos, casetas para rega, casetas de pesaxe, etc. <p>1.1.7 Outras infraestruturas das explotacións (1.1.7)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sistemas antixeadada e antipedrazo, parras para uva de mesa, cortaventos, sistemas de soporte e titorización, etc. <p>1.1.8 Alcouves. (1.1.8)</p>	<ul style="list-style-type: none"> – A dimensión das construcións auxiliares será proporcional ao uso relacionado exclusivamente coa actividade da OP: as vías de acceso dimensionaranse en función do tráfico que vaian soportar derivado desta actividade. Os almacéns terán unha capacidade proporcional á actividade que realice en campo a OP ou os seus socios. A titularidade do alcouve deberá estar a nome da organización de produtores.
<p>1.2 Medios de produción</p> <p>1.2.1 Maquinaria e apeiros (1.2.1)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Maquinaria e apeiros específicos para levar a cabo os labores dos cultivos para os cales está recoñecida a organización de produtores, ou en caso de que esta maquinaria ou apeiros non sexa exclusiva deses cultivos, xustificación de que se vai empregar nos labores deses cultivos. <p>1.2.2 Vehículos (1.2.2)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Vehículos para: <ul style="list-style-type: none"> ○ O transporte interno de produto da OP. ○ O acceso ás explotacións. <p>1.2.3 Chantóns e gastos de plantación (1.2.3)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Chantóns, reenxertos, novas plantacións. 	<ul style="list-style-type: none"> – No que se refire á maquinaria, o alugamento como alternativa á compra só se permitirá cando se xustifique economicamente mediante a presentación dun informe realizado por técnico competente. – Exclúense as ferramentas manuais. En caso de que sexa obrigatorio normativamente, toda a maquinaria e apeiros deberá estar inscrita no ROMA (Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola). – Os vehículos para transporte interno usaranse exclusivamente para este fin. A titular dos vehículos será a organización de produtores e deberán levar marcado o anagrama da dita organización de produtores. – Os vehículos para acceso ás explotacións serán de uso exclusivo para o persoal cualificado ao servizo da OP na realización das actividades desta e o importe da adquisición estará limitado a 18.000 € no caso de utilitarios que se poderá elevar a 28.000 € se se trata de vehículos todoterreo, para os cales se deberá achegar a ficha técnica correspondente. A titular dos vehículos será a organización de produtores. – Os vehículos poderanse financiar mediante arrendamento financeiro. Neste caso, non serán subvencionables os gastos recollidos no número 12 do anexo II do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891. – Só serán subvencionables chantóns provenientes de provedores inscritos no rexistro de comerciantes de material vexetal e/ou rexistro de produtores de sementes e plantas de viveiro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. En caso de chantóns orixinarios de provedores non nacionais, este requisito considerárase cumprido coa tenza do pasaporte fitosanitario. – Poderanse incluír os <i>royalties</i>, pero na mesma anualidade do programa operativo que o material vexetal correspondente. ○ GPS identificarase na maquinaria que se instale mediante número de bastidor e matrícula, se for o caso.
<p>1.2.4 Outros medios de produción (1.2.4)</p> <ul style="list-style-type: none"> • GPS, etc. <p>1.3 Axuste da oferta á demanda</p>	

Descrición	Condicións de subvencionalidade
1.3.1 Arrinca de plantacións de cultivos leñosos (1.3.1)	<ul style="list-style-type: none"> – Unicamente se poderán arrincar variedades que presenten problemas de comercialización no mercado, o que se deberá xustificar debidamente a xuízo da autoridade competente. – Limitarase anualmente ao 10 % da superficie da organización de produtores para a variedade en cuestión. Non obstante, a dita porcentaxe poderá aumentarse até o 25 % se a arrinca vai acompañada dunha reconversión varietal sempre que con ela non se produzan incrementos produtivos e se realice cara a variedades que non presenten problemas de comercialización no mercado, o que se deberá xustificar debidamente a xuízo da autoridade competente. – O gasto anual con cargo ao programa operativo estará limitado a 4.000 €/hectárea.

2. Medida dirixida a mellorar ou manter a calidade dos produtos

O gasto anual para o conxunto da medida estará limitado ao 60 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condicións de subvencionalidade
2.1 Calidade e seguridade alimentaria 2.1.1 Mellora da rastrexabilidade (2.1.1) <ul style="list-style-type: none"> • Adquisición de instrumentos de xestión e análise para sistemas de rastrexabilidade: programas informáticos, lectores, etc. • Plataforma virtual para o control da rastrexabilidade. 2.1.2 Implantación e mellora de sistemas de xestión de calidade de produto (2.1.2) 2.1.3 Implantación e mellora de sistemas de xestión de calidade de proceso (2.1.3) 2.1.4 Construción de laboratorios e equipamento (material de laboratorio non funxible) (2.1.4) <ul style="list-style-type: none"> • Obra civil e gastos de material non funxible (microscopios, material de laboratorio, etc.). 2.1.5 Gastos de certificación de produción integrada e produción ecolóxica e outros sistemas protocolizados de calidade (2.1.5) 2.1.6 Análises (2.1.6) <ul style="list-style-type: none"> • Gastos relacionados con análises cuxo obxectivo sexa o de controlar a situación ambiental e de calidade en todo o ámbito da produción (solo, auga, etc.), manipulación, acondicionamento, transformación e envasado. • Análises multirresiduos para exportación. 	<ul style="list-style-type: none"> – Os instrumentos informáticos deberán destinarse á actuación descrita e exclúese de forma explícita o seu uso para cuestións administrativas. – Deberase presentar un certificado dunha empresa acreditada para estes fins. – Deberase presentar un certificado dunha empresa acreditada para estes fins. – Deberase presentar un certificado dunha empresa acreditada para estes fins. – Será incompatible coas accións 7.14 e 7.16 cando se trate dunha práctica obrigatoria recollida no custo específico correspondente. – Esta actuación será incompatible coa actuación 2.1.4. e as accións 7.14 e 7.16 a nivel de superficie cando se encontren previstos como práctica obrigatoria nos módulos de produción ecolóxica ou integrada. – Só serán subvencionables as análises realizadas en laboratorios acreditados. – Non serán subvencionables as análises de carácter obrigatorio relacionadas coa saúde pública. – Deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, así como no Rexistro de determinados medios de defensa fitosanitaria.

Descrición	Condições de subvencionalidade
<p>2.1.7 Custo específico en trampas, mosqueiros, depredadores naturais, feromonas, extractos vexetais, microorganismos, plantas repelentes ou calquera outro material de protección vexetal, excluíndo produtos químicos, respectuosos co ambiente, derivados da implantación de sistemas de calidade distintos de produción integrada e ecolóxica (2.1.7)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Esta actuación será incompatible coas accións 7.14 e 7.16 a nivel de superficie cando se encontren previstas como práctica obrigatoria nos módulos de produción ecolóxica ou integrada. - Realizará un estudo un organismo independente para establecer un importe a tanto global con base no artigo 31.2.a) e número 3 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, que cubrirá o custo adicional e as perdas de ingresos.
<p>2.1.8 Cadea de frío e conservación do produto mediante frío e outras formas de conservación (2.1.8):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de prolongación da vida de froitas e hortalizas - Sistema Smartfresh, catalizador de etileno, retardador, kit de conservación para froitas, a base de SO₂ (anhídrido sulfuroso), e outros activos de acción similar. 	<p>Técnicas de prolongación da vida de froitas e hortalizas. Todo novo principio activo debe ser previamente validado pola Administración.</p> <p>Gastos non elixibles:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Gastos relacionados co mantemento e conservación e consumibles. - Gastos salariais de entrada e saída de produto nas cámaras frigoríficas (gastos de funcionamento).
<p>2.2 Persoal para a mellora ou mantemento da calidade ou de protección ambiental</p>	
<p>2.2.1 Gastos de persoal que contribúan á mellora ou mantemento da calidade ou do ambiente de acordo co anexo III, número 2.b), do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891. (2.2.1)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Para o persoal de calidade deberá realizarse algunha das actuacións da medida 2 aínda que non se inclúan no programa operativo. - Para xustificar que o persoal é cualificado deberase achegar unha descrición e xustificación da cualificación do posto de traballo ou do traballo que se vai realizar. A xustificación do custo realizarase mediante gastos reais. - O gasto correspondente ás actuacións de persoal 2.2.1 e 3.2.3 estará limitado ao 20 por cento para o conxunto do programa operativo. En caso de incumprimento será de aplicación o artigo 61.6, do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, de tal maneira que o importe de axuda correspondente á última anualidade do programa operativo se reducirá proporcionalmente á superación deste límite.

3. Medida dirixida a mellorar a comercialización

O gasto anual para o conxunto da medida estará limitado ao 80 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

En todos os investimentos o solicitante deberá cumprir con toda a normativa obrigatoria que corresponda.

Descrición	Condições de subvencionalidade
<p>3.1 Infraestrutura e equipamentos.</p> <p>3.1.1 Obra civil (3.1.1)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Adquisición/construción de naves, construción de centrais hortofrutícolas, industrias de transformación, acondicionamento e cuberta de espazos para recepción ou expedición de produtos hortofrutícolas, ampliacións de centros de transformación, construción de peiraos de recepción e expedición, illamentos de naves, acondicionamento de solos; mellora, acondicionamento e reforma dos elementos anteriores, así como os seus proxectos de execución, vías de acceso ás centrais hortofrutícolas, etc. • Adquisición/construción de tendas retallistas; mellora, acondicionamento e reforma dos elementos anteriores, así como os seus proxectos de execución, etc. • Traspasos de postos en mercados grosistas. 	<ul style="list-style-type: none"> - No que se refire tanto á obra civil como á maquinaria, instalacións e equipamentos, o alugamento como alternativa á compra só se permitirá cando se xustifique economicamente mediante a presentación dun informe realizado por técnico competente. - As vías de acceso dimensionaranse en función do tráfico que vaian soportar derivado da actividade da OP. - No caso de tenda retallista, esta só será elixible se máis do 50 % do valor dos produtos que se venden nela son froitas e hortalizas para as que a organización de produtores está recoñecida e foron producidas por ela ou por outras organizacións de produtores. - Só será subvencionable o custo do traspaso, pero non os gastos de funcionamento posteriores.

Descrición	Condições de subvencionalidade
<p>3.1.2 Maquinaria, instalacións e equipamentos (3.1.2)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Instalación maquinaria de manipulación, clasificación e presentación; maquinaria de limpeza, pelado e corte, maquinaria de selección e calibración, maquinaria de envasado, instalacións eléctricas en nave ou en central, maquinaria de confección de «cuarta ou quinta gama», maquinaria para a transformación ou para a valorización de subprodutos da transformación, envolvedoras, etiquetadoras, túneles de lavado de caixas, transformadores e instalacións eléctricas. Mellora e acondicionamento dos elementos anteriores, etc. • Instalación de básculas, cintas transportadoras, maquinaria limpa cintas, paletizadoras, despaletizadoras e empilladoras de envases, transportadores aéreos de caixas, carretillas elevadoras e transpaletas. • Equipamento frigorífico. • Instalacións e equipamento necesario para unha tenda retalista ou un posto en mercado grosista. 	<p>– A maquinaria, instalacións ou equipamentos deberán estar directamente relacionados co produto final, o proceso ou a actividade da organización de produtores.</p>
<p>3.1.3 Equipamento informático (3.1.3)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Sistemas de control de produción e rastrexabilidade (programas informáticos, lectores, etc.), Automatización clasificación de liñas de produción (hardware e software). • Implantación de canal web e de sistemas de información e comunicación mediante mensaxes a móbiles. 	<p>– Os sistemas de información e comunicación só serán subvencionables se contribúen á consecución dun ou máis obxectivos dos establecidos nos artigos 33.1 e 152.1 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013.</p> <p>– O equipamento informático deberá destinarse á actuación descrita, excluíndose de forma explícita o seu uso para cuestións administrativas.</p>
<p>3.1.4 Envases e palés de campo que se utilicen máis dun ano (3.1.4)</p>	<p>– O gasto correspondente aos envases e palés de campo estará limitado ao 5 por cento para o conxunto do programa operativo. En caso de incumprimento será de aplicación o artigo 61, número 6, do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 de tal maneira que o importe de axuda correspondente á última anualidade do programa operativo se reducirá proporcionalmente á superación deste límite.</p>
<p>3.1.5 Outros investimentos en infraestrutura e equipamentos (3.1.5)</p>	
<p>3.1.6 Investimentos e accións relacionadas coa transformación de froitas e hortalizas en froitas e hortalizas transformadas (produtos enumerados no anexo I, parte X, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 e no anexo I do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891) (3.1.6)</p>	
<p>3.2 Medios para a comercialización</p>	
<p>3.2.1 Realización de estudos de mercado e programación da produción (3.2.1)</p>	<p>– Inclúranse estudos relativos ao momento óptimo de recolección, variedades máis adecuadas ou período de almacenamento, entre outros factores, en función do destino, así como outro tipo de estudos de mercado.</p>

Descrición	Condições de subvencionalidade
<p>3.2.2 Promoción comercial (3.2.2)</p> <p>Promoción xenérica, de marcas da OP e de etiquetas de calidade mediante:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Creación de sitios da internet, así como as súas modificacións e actualizacións. ○ Publicidade (en medios de comunicación audiovisual -cine, cadeas especializadas de televisión-, anuncios radiofónicos, en prensa xeral e especializada, en prensa de xornadas e congresos, pósters, valos publicitarios, etc.) ○ Publicidade específica nos envases finais que chegan ao consumidor ou envases que chegan ao punto de venda directa ao consumidor: adhesivos ou sobrecusto da impresión no envase. ○ Publicidade nas pezas de froita: adhesivos ○ Iniciativas pedagóxicas destinadas aos nenos e adolescentes nos centros de ensino ○ Iniciativas de información aos consumidores nos lugares de venda ○ Folletos con información sobre os produtos e receitas, pasatempos infantís, etc. ○ Material de concursos (premios, folletos) que promovan o consumo de froitas e hortalizas ○ Merchandaxe ○ Participación en feiras relacionadas coa actividade de froitas e hortalizas: • Custo das casetas (alugamento do solo, deseño, montaxe, elementos), azafatas e outro persoal da caseta, actividades de animación, etc. • Asistencia de persoal da OP/AOP. ○ Achegas para levar a cabo operacións de promoción, non financiadas con axudas públicas, conxuntamente con outras OP. 	<ul style="list-style-type: none"> – No caso da promoción comercial: • O establecido no punto 4 e do anexo III do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891. • Non se poderán incluír investimentos ou conceptos de gasto que reciban subvención a través doutras vías. • Deberase presentar un plan de promoción que recolla ao menos os obxectivos do plan, as actuacións que se van realizar e, se for o caso, a sinerxía entre elas, os destinatarios do plan e as principais mensaxes que se van transmitir. – Só serán elixibles premios relacionados coa actividade de froitas e hortalizas (por exemplo, unha cesta de froitas, material para cocinar estes produtos, libros relacionados...) – No caso concreto da participación en feiras, en caso de que xa se reciba subvención por outra vía para algún dos investimentos ou conceptos de gasto dunha determinada feira, non se poderán incluír os outros no marco dos PO. – A asistencia de persoal da OP/AOP a feiras estará limitada ao persoal comercial contratado pola entidade para actividades comerciais.
<p>3.2.3 Persoal cualificado para a mellora do nivel de comercialización (3.2.3)</p>	<ul style="list-style-type: none"> – Persoal: para xustificar que o persoal é cualificado deberase achegar unha descrición e xustificación da cualificación do posto de traballo ou do traballo que se vai realizar. Só se subvencionará persoal adicional ao xa contratado, ou persoal que, aínda estando contratado con anterioridade e dispoñendo da cualificación requirida, realice unha nova actividade (control do momento óptimo da recolección en termos de graos brix e consistencia, optimización do almacenamento ou variedades máis adecuadas entre outros), comercialización de novos produtos, novas liñas ou en novos mercados e, como máximo, durante un programa operativo para unha mesma actividade (máximo 5 anos). A xustificación do custo realizarase mediante gastos reais.
<p>3.2.4 Accesorios para medios de transporte frigorífico ou en atmosfera controlada (3.2.4)</p>	<ul style="list-style-type: none"> – O gasto correspondente ás actuacións de persoal 2.2.1 e 3.2.3 estará limitado ao 20 por cento para o conxunto do programa operativo. En caso de incumprimento será de aplicación o artigo 61.6, do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 de tal maneira que o importe de axuda correspondente á última anualidade do programa operativo se reducirá proporcionalmente á superación deste límite. – Na actuación 3.2.4 non se poderá incluír a cabina tractora nin ningún outro elemento que non sexa específico de frío ou atmosfera controlada.

Descrición	Condicións de subvencionalidade
3.2.5 Apertura de oficinas comerciais no exterior (3.2.5) <ul style="list-style-type: none"> o Adquisición/construción da obra civil o Instalacións e equipamento. o Persoal (aplícase o establecido para o persoal da acción (3.2.3) 	<ul style="list-style-type: none"> – No que se refire tanto á obra civil como á maquinaria, instalacións e equipamentos das oficinas comerciais no exterior, o alugamento como alternativa á compra só se permitirá cando se xustifique economicamente mediante a presentación dun informe realizado por un técnico competente. – A organización de produtores deberá presentar no momento da solicitude da axuda total ou saldo documentación xustificativa dos traballos comerciais realizados.

4. Medida dirixida á investigación e produción experimental

O gasto anual para o conxunto da medida estará limitado ao 30 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condicións de subvencionalidade
4.1 Investimentos en instalacións ou predios piloto (4.1.1)	<ul style="list-style-type: none"> – A produción experimental, en virtude do número 1 do anexo III do Regulamento delegado (UE) nº 2017/891, determinarase mediante custo específico. Só poderá aprobarse cando se dispoña de persoal cualificado que se encargue dela e se presente un protocolo sobre a experimentación que se vaia realizar que xustifique a súa novidade e o risco que supón. O dito protocolo deberá incluír o cálculo dos custos específicos, e ser valorado por un centro público de investigación ou organismo equivalente a xuízo do órgano competente. – Os investimentos deben contar coas autorizacións e licenzas necesarias segundo requira a natureza do investimento.
4.2 Persoal cualificado dedicado á acción en exclusiva, ou xustificado con control horario (4.2.1)	<ul style="list-style-type: none"> – A xustificación do custo da acción 4.2 realizarase mediante gastos reais.
4.3 Material non funxible de laboratorio (4.3.1)	
4.4 Contratacións externas con centros de investigación (4.4.1)	
4.5 Adquisición de plantas perennes (4.5.1)	
4.6 Outros gastos en función das características da acción experimental e do grao de innovación e o risco que esta comporte (4.6.1)	

5. Medida dirixida á formación e servizos de asesoría

O gasto anual para o conxunto da medida estará limitado ao 30 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condicións de subvencionalidade
5.1 Producción ecolóxica (5.1.1)	<ul style="list-style-type: none"> – A organización de produtores deberá estar levando a cabo algunha das accións que se poden incluír nun programa operativo, aínda que non a inclúa no fondo operativo.
5.2 Producción integrada (5.2.1)	
5.3 Outros aspectos ambientais (5.3.1)	
5.4 Rastrexabilidade (5.4.1)	

Descrición	Condicións de subvencionalidade
5.5 Calidade (5.5.1) • Contratación de servizos de formación e asesoría sobre verificación de calidade tanto en orixe como en destino, etc.	
5.6 Formación e asesoría noutras accións propias do programa operativo distintas dos anteriores (5.6.1)	– Non serán subvencionables os gastos administrativos relacionados coa elaboración do programa operativo.

6. Medida dirixida á prevención e xestión de crises

O gasto anual para o conxunto da medida estará limitado ao 33 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condicións de subvencionalidade
6.1 Retiradas 6.1.1 Distribución gratuíta 6.1.2 Compostaxe e biodegradación 6.1.3 Alimentación animal 6.1.4 Outros destinos	– Respectar a Circular 34/2016 de retiradas do FEGA. – Respectar o artigo 11 do presente real decreto. – Respectar a normativa ambiental e sanitaria establecida polas comunidades autónomas ou outros órganos competentes.
6.2 Recolección en verde e non recolección 6.2.1 Recolección en verde 6.2.2 Non recolección	– Respectar a Circular 34/2016 de colleita en verde e non colleita do FEGA. – Respectar o artigo 11 do presente real decreto. – Respectar a normativa ambiental e sanitaria establecida polas comunidades autónomas ou outros órganos competentes.
6.3 Formación destinada á prevención e xestión de crises (6.3.1)	Poderanse subvencionar baixo esta actuación cursos ou xornadas que teñan por finalidade formar o persoal e os socios das OP no relativo a: <ul style="list-style-type: none"> • Mecanismos dispoñibles para prevención e xestión de crises: <ul style="list-style-type: none"> ○ Descrición dos instrumentos e descrición do procedemento de aplicación. ○ Interese do uso destes mecanismos. • Outros cursos ou xornadas relacionados con prevención e xestión de crises, sempre que a dita relación se xustifique no programa do curso ou xornada.
6.4 Promoción e comunicación destinada a prevención e xestión de crises, incluíndo a diversificación e consolidación de mercados de froitas e hortalizas 6.4.1 Promoción e comunicación destinada a prevención e xestión de crises	Respectar o establecido no artigo 14 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, no punto 20 do anexo II e no punto 14 do anexo III do Regulamento delegado (UE) 2017/891. Só se poderán incluír actuacións realizadas como consecuencia de: <ul style="list-style-type: none"> • Previsión de excedentes conxunturais. • Previsión ou concentración real da oferta nun momento puntual. • Prezos anormalmente baixos en momentos puntuais que poidan afectar o comportamento da campaña. • Outras motivacións, como a diminución conxuntural do consumo debido a condicións climáticas desfavorables.
6.4.2 Diversificación e consolidación de mercados de froitas e hortalizas	Respectar o establecido no artigo 14 do Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, no punto 21 do anexo II e no punto 13 do anexo III do Regulamento delegado (UE) 2017/891.
6.5 Custos administrativos derivados da constitución de fondos mutuais e contribucións financeiras para a súa reposición (6.5.1)	Respectar o establecido no artigo 40 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891. Respectar o establecido no artigo 12 do presente real decreto.
6.6 Devolución do capital e pagamento dos xuros de préstamos contraídos polas organizacións de produtores para financiar medidas de prevención e xestión de crises (6.6.1)	As medidas de prevención e xestión de crises financiaranse ben directamente ou ben mediante os préstamos a que se refire este número, sen que poidan acumularse ambas as formas de financiamento.

Descrición	Condicións de subvencionalidade
6.7 Asesoramento a organizacións de produtores e asociacións de organizacións de produtores con grao de organización baixo e a produtores individuais (6.7.1)	Respectar o establecido no artigo 51 bis e punto 12 do anexo III do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891.

7. Medida dirixida a obxectivos ambientais

O gasto anual para o conxunto da medida estará limitado ao 60 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condicións de subvencionalidade
7.1 Investimentos para loitar contra a erosión en cultivos leñosos (7.1.1) 7.2 Incorporación ao solo de restos de poda ou colocación sobre este para mellorar o seu contido en materia orgánica e loitar contra a erosión (7.2.1) 7.3 Utilización de compost de orixe vexetal (7.3.1) 7.4 Realización de fertilización en verde mediante leguminosas e outras especies (7.4.1) 7.5 Realización de fertilización en verde mediante restos da propia explotación en hortícolas de invernadoiro (7.5.1) 7.6 Emprego de técnicas de solarización ou biosolarización (7.6.1) 7.7 Instalacións ou melloras de depuración da auga (7.7.1) 7.8 Transformación de invernadoiros con solo en invernadoiros sen solo con recirculación de solución nutritiva en zonas vulnerables á contaminación por nitratos de orixe agraria (7.8.1) 7.9 Mellora da eficiencia de filtros e equipamentos similares para a redución de emisións de po e outras partículas (7.9.1) 7.10 Instalacións ou melloras de recuperación da auga (7.10.1) 7.11 Mellora de sistemas de rega por outros máis eficientes (modernización de regadíos) (7.11.1) 7.12 Recarga de acuíferos, actuacións para reducir o escozemento superficial e evitar enchentes de auga (7.12.1) 7.13 Utilización da técnica de asombramento de encoros para frear a evaporación dos recursos hídricos (7.13.1) 7.14 Produción ecolóxica xenérica (7.14.1) 7.15 Utilización de métodos de loita biolóxica e/ou biotecnolóxica, alternativos aos convencionais, utilizados en agricultura ecolóxica, en cultivos hortofrutícolas (7.15.1) 7.16 Produción integrada xenérica (7.16.1) 7.17 Utilización de métodos de loita biolóxica e/ou biotecnolóxica, alternativos aos convencionais, utilizados en produción integrada, en cultivos hortofrutícolas (7.17.1) 7.18 Utilización de métodos de loita biolóxica e/ou biotecnolóxica, alternativos aos convencionais, utilizados en agricultura convencional, en cultivos hortofrutícolas (7.18.1) 7.19 Utilización de planta enxertada en hortícolas de invernadoiro para reducir o uso de produtos químicos (7.19.1) 7.20 Utilización da técnica de embolsado de melocotón como barreira física fronte a pragas para reducir o uso de produtos químicos (7.20.1) 7.21 Utilización da técnica de debagado en uva de mesa para reducir o uso de produtos químicos (7.21.1) 7.22 Implantación de sebes na parcela para favorecer a biodiversidade e o mantemento/restauración da paisaxe (7.22.1)	<p>As condicións que se deben cumprir para todas estas accións son as establecidas nas directrices nacionais para accións ambientais.</p> <p>– O custo da utilización de planta enxertada en hortícolas estará limitado ao 35 por cento do fondo operativo.</p>

Descrición	Condicións de subvencionalidade
<p>7.23 Instalacións de enerxía renovable (eólica e solar) (7.23.1)</p> <p>7.24 Utilización de medios de produción, transformación ou acondicionamento máis eficientes enerxeticamente (7.24.1)</p> <p>7.25 Coxeración [produción combinada de calor e enerxía] de enerxía a partir de residuos derivados da produción, transformación, acondicionamento do produto para a súa expedición ou comercialización de froitas e hortalizas (7.25.1)</p> <p>7.26 Custos adicionais pola utilización do ferrocarril ou do transporte marítimo, fronte ao transporte por estrada (7.26.1)</p> <p>7.27. Utilización de cubertas vexetais en cultivos froiteiras fronte como alternativa ao manexo convencional (7.27.1)</p> <p>7.28 Utilización na explotación de fío biodegradable e rafia biodegradable (7.28.1)</p> <p>7.29 Utilización na explotación de plásticos biodegradables e compostables (7.29.1)</p> <p>7.30 Valorización de residuos xerados nas fases de produción, transformación, acondicionamento do produto para a súa expedición ou comercialización (7.30.1)</p> <p>7.31 Tratamento, recuperación e clasificación de residuos (7.31.1)</p> <p>7.32 Obtención de biogás a partir de residuos derivados da produción e transformación de froitas e hortalizas (7.32.1)</p> <p>7.33 Redución de emisións de contaminación acústica (7.33.1)</p> <p>7.34 Accións de formación e sensibilización ambiental (7.34.1)</p> <p>7.35 Asistencia técnica para levar a cabo accións ambientais (7.35.1)</p> <p>7.36 Análises, asesoría e auditoría para levar a cabo accións ambientais (7.36.1)</p> <p>7.37 Certificación da pegada de carbono (7.37.1)</p> <p>7.38 Certificación da pegada hídrica (7.38.1)</p>	

8. Outras accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto.

O gasto anual para o conxunto da medida estará limitado ao 40 por cento do fondo operativo aprobado e efectivamente executado.

Descrición	Condicións de subvencionalidade
<p>8.1 Fusións, adquisicións e participacións.(8.1.1)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Compra de terreos non edificadas cando sexa necesaria para efectuar un investimento incluído no programa e compra de bens inmobles, de conformidade coas condicións establecidas no número 6 do anexo III e no artigo 31 Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, sempre que non fosen comprados con axuda da Unión Europea ou axuda nacional nos últimos dez anos. • Investimentos en accións de empresas do sector de froitas e hortalizas, incluídos os investimentos en industrias do sector de froitas e hortalizas, se o investimento contribúe ao logro dos obxectivos do programa operativo. • Gastos xurídicos e administrativos derivados das fusións ou adquisicións de organizacións de produtores e da creación de organizacións de produtores transnacionais ou asociacións de produtores transnacionais. Estudos de viabilidade e propostas que as organizacións de produtores encargasen neste ámbito. 	<p>– Só se poderán incluír accións de empresas do sector de froitas e hortalizas que realicen actividades con produtos ou servizos da OP.</p>

Descrición	Condições de subvencionalidade
8.2 Gastos xerais (8.2.1).	Cumprir co establecido no anexo III, número 2, letra a), do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891 tendo en conta que a cantidade fixa a tanto global do 2 % se calculará en función do fondo operativo aprobado, pero corríxirase, se for o caso, en función do fondo operativo realmente executado.
8.3.1 Estudos (8.3.1) Realización de estudos distintos aos recollidos na actuación 3.2.1 do presente anexo.	Os estudos deberán contribuír aos obxectivos recollidos no artigo 33. 1 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013.
8.4.1 Outras accións non incluídas nos números anteriores conducentes á consecución dos obxectivos indicados no artigo 33, número 1, do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 (8.4.1).	

ANEXO V

**Importes de axuda para as retiradas de produtos non incluídos no anexo IV do
Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891**

Produto	Importe de axuda (€/100 kg)	
	Distribución gratuita	Outros destinos
Acelga	26,08	19,56
Allo	73,70	55,28
Alcachofa	38,40	28,80
Apio	15,44	11,58
Brócoli	31,90	23,92
Cabaciña	22,80	17,10
Cabaza	22,78	17,08
Caqui	31,10	23,33
Cebola	8,94	6,71
Cereixa	87,92	65,94
Champiñón	57,23	42,92
Ameixa	41,30	30,97
Escarola	32,93	24,70
Espárrago	104,14	78,11
Espinaca	33,77	25,33
Framboesa	273,10	204,83
Amorodo	65,28	48,96
Granada	41,51	31,13
Faba verde	47,43	35,57
Híbridos de pequenos cítricos	26,97	20,23
Figo fresco	79,70	59,77
Feixón verde	69,20	51,90
Kiwi	48,02	36,01
Leituga	38,89	29,17
Nabo, nabicol e charouvía	53,50	40,12
Néspere	69,31	51,99
Paraguaia, platerina e melocotón plano	47,65	35,74
Cogombro	26,58	19,94
Pemento	35,60	26,70
Porro	32,57	24,43

Produto	Importe de axuda (€/100 kg)	
	Distribución gratuita	Outros destinos
Repolo, col	18,99	14,24
Cenoria	22,32	16,74

ANEXO VI

Compensacións para as operacións de colleita en verde e renuncia a efectuar a colleita

Parte A) Recolección normal

Produto	Compensación (€/ha)		
	Secaño	Regadío aire libre	Regadío protexido
Produtos do anexo IV do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891			
Coliflor	2.189	2.821	-
Mazá	1.278	4.440	-
Uva	1.356	6.968	-
Albaricoque	713	3.086	-
Nectarina	453	4.754	-
Melocotón	925	4.634	-
Pera	1.606	4.459	-
Sandía	904	2.841	3.863
Laranxa	-	4.244	-
Mandarina	-	3.546	-
Clementina	-	4.264	-
Satsuma	-	4.287	-
Limón	-	4.280	-
Produtos fóra do anexo IV do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891			
Acelga	2.457	4.625	10.439
Allo	2.651	4.607	-
Apio	-	5.188	-
Brócoli	-	3.991	-
Cabaza	2.066	4.183	7.675
Caqui	-	3.769	-
Cebola	777	3.630	-
Cereixa	1.921	3.073	-
Champiñón	-	-	1.063
Ameixa	823	4.309	-
Escarola	-	5.694	7.352
Espinaca	-	4.935	6.243
Granada	-	4.129	-
Faba verde	1.270	2.989	-
Híbridos de pequenos cítricos	-	3.686	-
Figo fresco	958	3.511	-
Kiwi	4.723	5.558	-
Leituga	-	6.936	8.105
Nabo, nabicol, charouvía	4.137	9.261	-
Néspera	726	5.456	-

Produto	Compensación (€/ha)		
	Secaño	Regadío aire libre	Regadío protexido
Paraguaiá, platerina e melocotón plano	1.278	5.796	-
Porro	2.803	7.104	-
Repolo, col	4.476	4.119	-
Cenoria	2.407	8.344	-

Parte B) Recolección parcial

En caso de realización de recolección parcial, por aplicación do segundo parágrafo do artigo 48.3 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, os produtos e a porcentaxe de recolección semanal, para efectos do cumprimento do período máximo de seis semanas, serán:

Táboa 1. Porcentaxe de recolección semanal

Semanas despois da plantación*	Tomate ciclo curto **	Tomate ciclo longo **	Berenxena	Cogombro	Cabaciña	Pemento	Espárrago	Alcachofa	Amorodo	Feixón verde ciclo outono	Feixón verde ciclo primavera	Melón
1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
3	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
4	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
5	0	0	3	1,25	1,25	0	0	0	0	0	0	0
6	0	0	1,62	1,25	1,25	0	0	0	0	0	0	0
7	0	0	2,3	1,25	1,25	0	0	0	0	0	0	0
8	0	0	2,31	1,25	1,25	0	0	0	0	8,3	7	0
9	0	0	2,31	5	3,75	0	1	0	0,1	8,3	7	0
10	0	0	3,84	5	3,75	0	1	0	0,5	8,3	7	0
11	0	0	3,85	5	3,75	0	1,5	0	0,85	8,3	7	0
12	0	0	3,85	5	3,75	0	1,5	1	1,35	8,3	7	0
13	7,5	0	3,84	7,5	7,5	2,5	2	0,5	2,2	8,3	7	3
14	7,5	5	2,89	7,5	7,5	2,5	4	0,5	2,3	8,3	7	3
15	7,5	5	2,88	7,5	7,5	2,5	4	1	2,2	8,3	7	9
16	7,5	5	2,89	7,5	7,5	2,5	5	2	2,5	8,3	7	10
17	10	5	2,88	7,5	7,5	5	6	1,4	3	8,3	7	10
18	10	5	1,54	7,5	7,5	5	10	1,35	4	8,3	7	10
19	10	5	1,54	7,5	7,5	5	18	1,25	6,5	8,3	7	10
20	10	5	1,54	7,5	7,5	3,75	15	1,5	7	-	7	10
21	7,5	2,5	1,54	3,75	5	3,75	10	2,5	7,5	-	9	10
22	7,5	2,5	1,53	3,75	5	3,75	7	2,25	11	-	-	8
23	7,5	2,5	1,93	3,75	5	3,75	6	2,25	9	-	-	6
24	7,5	2,5	1,92	3,75	5	3,75	5	2,5	7,8	-	-	5
25	-	2,75	1,92	-	-	3,75	2	2	7,1	-	-	3
26	-	2,75	1,93	-	-	3,75	1	2	7	-	-	2
27	-	2,75	2,88	-	-	3,75	-	2	6,6	-	-	1
28	-	2,75	2,89	-	-	3,75	-	2	6	-	-	-
29	-	2,75	2,88	-	-	3,75	-	2,25	5,4	-	-	-
30	-	2,75	2,88	-	-	3,75	-	2,25	0,1	-	-	-
31	-	2,75	3,08	-	-	3,75	-	2	-	-	-	-
32	-	2,75	3,08	-	-	3,75	-	2,25	-	-	-	-

Semanas despois da plantación*	Tomate ciclo curto **	Tomate ciclo longo **	Berenxena	Cogombro	Cabaciña	Pemento	Espárrago	Alcachofa	Amorodo	Feixón verde ciclo outono	Feixón verde ciclo primavera	Melón
33	-	2,75	3,08	-	-	3,75	-	2,25	-	-	-	-
34	-	2,75	3,07	-	-	3,75	-	5	-	-	-	-
35	-	2,75	3,08	-	-	3,75	-	5	-	-	-	-
36	-	2,75	3,85	-	-	3,75	-	5	-	-	-	-
37	-	2,75	3,84	-	-	3,75	-	5	-	-	-	-
38	-	2,75	3,85	-	-	2,5	-	5	-	-	-	-
39	-	2,75	3,84	-	-	2,5	-	5	-	-	-	-
40	-	2,75	3,85	-	-	2,5	-	6,25	-	-	-	-
41	-	2,75	-	-	-	-	-	6,25	-	-	-	-
42	-	2,75	-	-	-	-	-	6	-	-	-	-
43	-	2,75	-	-	-	-	-	6,25	-	-	-	-
44	-	2,75	-	-	-	-	-	6,25	-	-	-	-
45	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-

* No caso do espárrago, o primeiro ano é improdutivo, polo que as semanas son as transcorridas desde o 1 de xaneiro do ano seguinte á plantación e non desde a data de plantación.

** No caso do tomate, unicamente se poderá percibir compensación até o 31 de maio.

Non obstante, as comunidades autónomas verificarán se os calendarios de recolección semanal son aplicables ás súas condicións de produción. En caso de que non sexa aplicable, poderán aplicar o seu calendario de recolección específico e deberanllo comunicar á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura e Pesca e Alimentación.

Táboa 2. Importes para efectos do cálculo da compensación por recolección parcial

Produto		Compensación (€/ha)		
		Secaño	Regadío aire libre	Regadío protexido
Produtos do anexo IV do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891	Tomate (1 XI-31 V) (ciclo curto ou longo).	-	16.157	22.410
	Berenxena.	-	6.603	15.867
	Melón.	1.908	10.357	11.525
Produtos fóra do anexo IV do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891	Alcachofa.	-	3.285	-
	Cabaciña.	-	5.085	8.591
	Espárrago.	2.020	4.044	4.232
	Amorodo.	-	7.073	17.272
	Feixón verde.	3.484	7.677	9.246
	Cogombro.	-	6.880	16.310
	Pemento.	2.032	8.110	16.393

O importe de compensación por hectárea calcularase multiplicando (A) x (B), onde:

(A) é a porcentaxe que queda por colleitar, en función da semana de cultivo que figura na táboa 1 deste anexo e que se calculará sumando as porcentaxes das seis semanas seguintes desde que se efectuou a operación de prevención de crises. No caso de que a operación se realice entre o luns e o mércores da semana, esa será a primeira semana de cálculo da porcentaxe de colleita restante. En caso de que se realice entre o xoves e o domingo, esa semana considerarase como colleitada e, para efectos de cálculo da porcentaxe que queda por colleitar, a primeira semana será a seguinte, e

(B) é o importe (€/ha) correspondente por produto fixado na táboa 2.

ANEXO VII

Documentación mínima que hai que achegar xunto coas solicitudes de modificación dos programas operativos das organizacións de produtores e das asociacións de organizacións de produtores

A) En todos os casos.

1. Certificado en que conste que as modificacións solicitadas sobre o programa operativo foron aprobadas polo órgano competente segundo a súa personalidade xurídica ou instancia en que delegase.

2. Ir acompañados dos xustificantes en que se expoñan os motivos, natureza e consecuencia das modificacións solicitadas, así como daqueles xustificantes que sexan necesarios para a súa aprobación.

3. Cando se modifique a forma de xestión dos fondos operativos e se escolla a opción contida na letra a) do artigo 5 do presente real decreto, deberase achegar o certificado da entidade financeira depositaria da conta bancaria para o movemento exclusivo do fondo, con indicación da súa sucursal, do número de conta e da denominación desta: «Fondo operativo da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores... (denominación da organización ou asociación)».

4. Se for o caso, certificación do secretario da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores pola que se achega acordo da asemblea xeral da entidade, ou do órgano equivalente da sección se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores en función da súa personalidade xurídica, polo que se delega a competencia na presentación e aprobación de solicitudes de modificación do programa operativo, previstas nos artigos 15 e 16 do presente real decreto, nunha determinada instancia da organización de produtores.

5. Se for o caso, un acta emitida pola autoridade competente da comunidade autónoma onde se vaia realizar o investimento ou, na súa falta, unha acta notarial en que se faga constar que o investimento que se vai realizar non se iniciou na localización correspondente. Será de aplicación para cambios de localización de investimentos, adianto da súa execución, incremento do número de unidades se a unidade é de superficie, inclusión de novos investimentos, inclusión de novas actuacións ambientais ou substitución de actuacións.

B) Relativas a anualidades non comezadas. En caso de que se introduza como acción nova, investimentos en explotacións individuais de membros ou se se incrementa o número de explotacións individuais de socios en que se vaian realizar investimentos encadrados no programa operativo:

1. Certificado en que figure o acordo adoptado pola asemblea xeral da entidade, ou o órgano equivalente da sección se a dita entidade está organizada en seccións, ou órgano equivalente segundo a personalidade xurídica da organización de produtores, para obter o reembolso destes investimentos, ou o seu valor residual, en caso de que o/s socio/s cause/n baixa na organización.

2. O período de obrigación de devolución dun investimento ou do seu valor residual, para os efectos do cálculo do valor residual a que fai referencia o artigo 18 do presente real decreto, e o segundo e terceiro parágrafo do artigo 31.7 do Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, que será fixado pola organización de produtores en cinco anos ou no número de anos de financiamento correspondente nos casos en que o financiamento do investimento se realice en máis de cinco anos.

O dito valor residual calcularase da seguinte forma:

Valor residual = [Valor adquisición × (Período de obrigación de devolución – Período comprendido entre a data de adquisición e a data de baixa do socio)] / Período de obrigación de devolución.

3. Compromiso escrito de cada membro beneficiario de investimentos en explotacións individuais, de non acollerse, directa ou indirectamente, a un dobre financiamento, da Unión Europea ou nacional, polas medidas incluídas no programa operativo.

4. Xustificación de que todos os produtores tiveron a oportunidade de beneficiarse da aplicación do fondo operativo. Para este efecto, requirirase certificado do secretario da organización de produtores ou da asociación de organizacións de produtores respecto á decisión tomada na asemblea xeral, ou no órgano equivalente da sección se a dita entidade está organizada en seccións, ou no órgano equivalente en función da súa personalidade xurídica, en que debe reflectirse que todos os membros tiveron a oportunidade de participar nas medidas ou accións contidas no programa operativo.

C) Relativas á anualidade en curso. Nas modificacións que supoñan un cambio de localización en explotacións individuais de socios, unha acta notarial en que se faga constar que o investimento que se vai realizar non se iniciou na parcela correspondente á nova localización, ou unha declaración da organización de produtores en que se compromete a non comezar a execución do investimento até que non exista unha acta emitida pola autoridade competente da comunidade autónoma onde se vaia realizar o investimento, en que se faga constar que o investimento que se vai realizar non se iniciou na parcela correspondente á nova localización.

ANEXO VIII

Formato dos proxectos de programas operativos parciais das asociacións de organizacións de produtores

- A) Identificación da entidade solicitante:
- 1.º Razón social.
 - 2.º Domicilio social.
 - 3.º Teléfono.
 - 4.º Fax.
 - 5.º Correo electrónico.
 - 6.º NIF.
 - 7.º Persoa de contacto e teléfono desta.
 - 8.º Data de recoñecemento.
 - 9.º Número de membros en data recoñecemento.
- B) Descrición da situación partida da entidade:
- 1.º Número e relación de membros actuais, con indicación do seu nome, NIF, se son ou non organización de produtores, se for o caso, número de organización de produtores e domicilio social.
 - 2.º Fins estatutarios da asociación.
 - 3.º En canto aos efectivos produtivos da entidade:
 - a) Volumes de produción por especies, con que traballa e orixe destes.
 - b) Actuacións que xa leva a cabo a organización de produtores no ámbito da obtención da produción.
 - 4.º En canto á comercialización:
 - a) Descrición do proceso comercial.
 - b) Actuacións que xa leva a cabo a organización de produtores neste ámbito.
 - 5.º En canto á infraestrutura:
 - a) Descrición das instalacións en que se indique se son en propiedade, arrendadas ou con contrato de servizos.

- b) Actividades externalizadas e entidades que as realizan.
- c) Filiais.
- d) Medios humanos.
- e) Equipamento administrativo.

C) Obxectivos perseguidos polo programa: deberanse especificar os obxectivos do programa operativo tendo en conta as perspectivas de produción e saídas comerciais, e facendo referencia a como contribúe á consecución dos obxectivos definidos na estratexia nacional. Con este obxecto, deberán ser cuantificados.

D) Duración e medidas do programa:

1.º Descrición detallada das medidas, desagregadas en accións, e estas en actuacións, que se vaian realizar en cada ano de aplicación do programa, para conseguir os obxectivos perseguidos por el. Deberase indicar en que grao cada acción e actuación:

a) Persegue os obxectivos mencionados no artigo 33.1 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

b) Complementa e é coherente con outras medidas que estea levando ou levase a cabo a entidade para conseguir os mesmos obxectivos, en especial coas contidas na axuda ao desenvolvemento rural e en programas operativos anteriores.

c) Implican un risco de dobre financiamento.

d) Cumpre que máis do 50 por cento do valor dos produtos afectados pola súa realización son aqueles para os que as organizacións de produtores estea recoñecida e é produción comercializada da organización de produtores.

e) Todos os membros produtores tiveron a oportunidade de beneficiarse delas, tendo en conta que, no caso dos programas operativos das asociacións de organizacións de produtores, os membros que non teñan a condición de organización de produtores en virtude do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 non poden ter a dita oportunidade.

2.º Para cada acción, actuación, investimento e concepto de gasto, excepto para as retiradas do mercado, que se realizarán na primeira anualidade do programa, deberá indicarse, ao menos:

a) Unha descrición detallada desta, que inclúa o importe previsto para a súa execución desagregado por unidades de obra.

b) Lugar exacto de localización da parcela agrícola, con indicación da identificación xeográfica mediante o sistema Sixpac.

c) Titularidade, con indicación do nome ou razón social, NIF e relación coa organización de produtores.

d) Medios humanos e materiais necesarios para a súa realización.

e) En cumprimento do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, cando o importe do investimento ou concepto de gasto que se inclúa supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, para o contrato menor, tres ofertas de diferentes provedores.

f) Xustificación da necesidade da súa realización.

g) Calendarios de execución e financiamento.

h) Forma de financiamento.

3.º En canto á acción relativa ás retiradas previstas, ao menos para a primeira anualidade do programa deberá indicarse:

a) Volume, en peso, das retiradas previstas, por especies, con indicación das cantidades previstas que se destinarán á distribución gratuíta.

b) Volume medio, en peso, da produción comercializada da organización de produtores correspondente a cada un dos tres períodos de referencia anteriores á anualidade en que se van realizar as retiradas, das especies sobre as cales se prevé facer retiradas.

En caso de non dispor desta información, o volume das ditas especies considerada no recoñecemento da organización de produtores.

F) Aspectos financeiros:

- 1.º Orzamento previsto para a súa execución para cada ano de aplicación do programa.
- 2.º Calendario de realización, por anos.
- 3.º Calendario de financiamento, por anos.

G) Outra documentación:

1.º Relación de membros da asociación de organizacións de produtores, con indicación da razón social, NIF, domicilio completo, se son organización de produtores ou non, número de rexistro en caso de que o sexa, e actividade a que se dedica.

2.º Documento que recolla as funcións que realizou nos tres últimos anos, e as perspectivas de actuación para os anos de duración do programa operativo.

3.º Certificación emitida polo secretario que indique que os membros que non teñan a condición de organización de produtores en virtude do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, non son beneficiarios directos da axuda aos programas.

ANEXO IX

Información e documentación mínima que teñen que remitir anualmente as asociacións de organizacións de produtores con programa operativo parcial

A) Datos xerais da entidade:

- 1.º Razón social.
- 2.º Domicilio.
- 3.º NIF.
- 4.º Persoa de contacto e teléfono desta.
- 5.º Anualidade do programa.
- 6.º Programa operativo a que pertence: 20... a 20...

B) Documentación que hai que remitir:

1.º Copia da acta da asemblea xeral da asociación de organizacións de produtores ou do órgano equivalente da sección se a dita entidade está organizada en seccións ou órgano equivalente en función da personalidade xurídica en que se faga constar que a constitución do fondo anual, as disposicións para a súa provisión e o método de cálculo das contribucións financeiras. O dito documento deberá conter, ademais:

a) A forma en que se xestionará o fondo das establecidas no artigo 5 do presente real decreto.

b) O importe do fondo que se constituirá na anualidade que comeza o 1 de xaneiro seguinte, con indicación dos importes que se prevé destinar a cada medida, acción, actuación, investimento e concepto de gasto do programa operativo.

c) O método de cálculo das contribucións financeiras, achegando, se for o caso, a información necesaria para xustificar os diferentes niveis de contribución.

d) O procedemento de financiamento do fondo.

e) Unha relación coa VPC, o período de referencia, e a achega de cada membro da asociación de organizacións de produtores, en valor absoluto e en valor relativo, con indicación de se é organización de produtores ou non.

2.º Un documento en que figuren as accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto que se realizarán na anualidade seguinte dentro de cada medida do programa, e para cada unha delas, ao menos:

- a) Unha descrición detallada desta, que inclúa o importe previsto para a súa execución desagregado por unidades de obra.
- b) Lugar exacto de localización da parcela agrícola, con indicación da identificación xeográfica mediante o sistema Sixpac.
- c) Titularidade, con indicación do nome ou razón social, NIF e relación coa asociación de organizacións de produtores.
- d) Medios humanos e materiais necesarios para a súa realización.
- e) En cumprimento do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, cando o importe do investimento ou concepto de gasto que se inclúa supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, para o contrato menor, tres ofertas de diferentes provedores.
- f) Xustificación da necesidade da súa realización.
- g) Calendarios de execución e financiamento.
- h) Forma de financiamento.

Esta información na primeira anualidade do programa deberá estar incluída no anexo VIII.

3.º Se for o caso, a documentación e información descrita no número 5 do anexo I do presente real decreto.

4.º Un compromiso dos titulares das accións, actuacións, investimentos e conceptos de gasto, de que non recibiron, nin van recibir, directa ou indirectamente, ningunha outra axuda pola súa execución.

5.º A documentación específica para cada acción, actuación, investimento e concepto de gasto, exixida polo Regulamento delegado (UE) n.º 2017/891, o Regulamento de execución (UE) n.º 2017/892, o presente real decreto ou as directrices nacionais para a elaboración dos pregos de condicións referentes ás accións ambientais.